



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 28 de xaneiro de 2019**

**ASISTENTES:**  
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez.  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.  
D. Carlos López Font.  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez.  
D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego.  
D. Jaime Aneiros Pereira.  
D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup> José Caride Estévez.

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día vinte e oito de xaneiro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(26).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do día 17 de xaneiro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(27).- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR VINTEGRIS, S.L., NO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA DO SUBMINISTRO PARA A ADQUISICIÓN DE SISTEMA DE CENTRALIZACIÓN DE CLAVES E CUSTODIA DE CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS. EXPTE. 8579/113.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta 21/01/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do subministro para a adquisición de sistema de centralización de claves e custodia de certificados electrónicos (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do subministro para a adquisición de sistema de centralización de claves e custodia de certificados electrónicos (PCAP)

## **ANTECEDENTES DE FEITO:**

**Primeiro.-** O 4 de outubro de 2018 a Xunta de Goberno local aprobou o expediente de contratación do subministro para a adquisición de sistema de centralización de claves e custodia de certificados electrónicos, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de contratación.

A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 4 de outubro de 2018, rematando o prazo de presentación de ofertas o 19 do mesmo mes.

Segundo o certificado expedido polo Rexistro xeral o 23 de outubro de 2018, durante ese prazo presentaron ofertas os seguintes licitadores:

1. VINTEGRIS, S.L.
2. AC CAMERFIRMA, S.A.

**Segundo.-** O 22 de novembro de 2018 o concelleiro delegado de Xestión municipal resolveu adxudicar a AC CAMERFIRMA, S.A. este contrato por un prezo total de 39.083,00 euros. En aplicación do previsto no artigo 159.6g) da LCSP, o contrato formalizouse mediante a



## Concello de Vigo

sinatura de aceptación polo contratista da resolución de adxudicación o 29 de novembro de 2018.

**Terceiro.-** Con data do 31 de decembro de 2018 o Tribunal Administrativo de Contratación Pública remitiu o recurso interposto por D. Facundo Rojo Gil, en nome e presentación de VINTEGRIS, S.L. contra a adxudicación deste contrato, indicando que este foi presentado o 27 de decembro de 2018 na sede electrónica do Ministerio de Facenda.

**Cuarto.-** O 9 de xaneiro de 2019 solicitouse informe do Servizo de Administración Electrónica en relación co recurso presentado e deuse traslado deste ao outro licitador presentado, AC CAMERFIRMA, S.A.

**Quinto.-** O 11 de xaneiro de 2019 o xefe do Servizo de Administración Electrónica e a súa adxunta emitiron informe sobre o recurso interposto.

**Sexto.-** Dentro do prazo concedido, o 15 de xaneiro de 2019, AC CAMERFIRMA, S.A. formulou alegacións ao recurso interposto.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

-I-

#### Obxecto do recurso de reposición

É obxecto desta impugnación a resolución de adxudicación deste contrato.

-II-

#### Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

O recurso de reposición é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa (artigo 112.1 LPAC).

En primeiro lugar, é preciso analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública
- b) Carecer de lexitimación o recorrente
- c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de reposición os actos que poñan fin á vía administrativa (artigo 123.1 LPAC), sendo tales (artigo 114 LPAC):

- a) As resolucións dos recursos de alzada
- b) As resolucións dos procedementos de impugnación a que se refire o artigo 112.2

- c) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha Lei estableza o contrario
- d) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento
- e) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que fose o tipo de relación, pública ou privada, de que derive
- f) A resolución dos procedementos complementarios en materia sancionadora aos que se refire o artigo 90.4
- g) As demais resolucións de órganos administrativos cando unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio
- c) Os que teñan un contido imposible
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

No caso que nos ocupa, a resolución de adxudicación do concelleiro de Xestión municipal de data 22 de novembro de 2018 foi ditada por delegación do órgano de contratación do 10



## Concello de Vigo

de maio de 2018, polo que ao abeiro do previsto no artigo 9.4 da Lei 40/2015 (LRXSP) se considera ditada polo órgano delegante.

Dado que os acordos do órgano de contratación poñen fin á vía administrativa por carecer de superior xerárquico, a resolución de adxudicación é un acto recorrible en reposición (artigo 114.c LPAC).

O recorrente basea a súa impugnación na incorrecta cualificación do contrato como contrato de subministro e na "ineptitude do adxudicatario Camerfirma para ofrecer servizos de sinatura cualificada segundo o indicado no regulamento EIDAS por non tratarse dunha entidade capacitada".

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en reposición, hai que estar ás regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en reposición calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación a VINTEGRIS, S.L. por ser titular de dereitos ou intereses lexítimos na súa calidade de licitador.

A representación do recorrente consta no expediente.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interperse ante o órgano que ditou o acto que se impugna (artigo 123.1 LPAC), e esixe que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias (artigo 115.1 LPAC):

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal.
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinala a efectos de notificacións.
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas.

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto os **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de reposición dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 124.1 LPAC). Dado que o obxecto do recurso é a resolución de adxudicación notificada o 27 de novembro de 2018, a interposición do recurso de reposición en data 27 de decembro realizouse en prazo.

Resta analizar se o recurso carece manifestamente de fundamento. Dado que o escrito de recurso está fundamentado, con independencia de que posteriormente se realice unha análise dos motivos de impugnación e se poidan desestimar, non procede non admitir o recurso por este motivo previsto no artigo 116.e da LPAC.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o fondo.

-III-

**Tramitación do recurso**

En relación coa tramitación do recurso, a lei límitase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Se houber outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

Para os efectos de dar cumprimento ao previsto no citado artigo, o 9 de xaneiro de 2019 deuse traslado do recurso ao outro licitador presentado a este procedemento. Durante o prazo concedido AC CAMERFIRMA, S.A. formulou alegacións.

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa non admisión (artigo 119.1 LPAC). É competente para resolver o recurso de reposición o órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes (artigo 124.2 LPAC).

-IV-

**Motivos de impugnación da resolución recorrida**

Os motivos de impugnación recollidos no escrito de interposición son os seguintes:

1. **“Imposible exercicio do servizo polo Concello por incorrecta cualificación do contrato como contrato de subministro”**

Alega o recorrente que o contrato debe cualificarse como de servizos (concretamente, “contrato de servizos electrónico de confianza”) e non de subministro.

Recordemos, en primeiro lugar, a definición que a LCSP ofrece sobre este tipo de contratos nos artigos 16 e 17:

“Artigo 16 Contrato de subministro

1. Son contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens móbiles”.

[...]

3. En todo caso, consideraranse contratos de subministro os seguintes:

- a) Aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao



## Concello de Vigo

tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

- b) Os que teñan por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, e a cesión do dereito de uso destes últimos, en calquera das súas modalidades de posta a disposición, a excepción dos contratos de adquisición de programas de ordenador desenvolvidos a medida, que se considerarán contratos de servizos”.

### “Artigo 17 Contrato de servizos

Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministro, incluíndo aqueles no que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario”.

Transcríbese a continuación o informe emitido polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e a súa adxunta de data 11 de xaneiro de 2019:

“Respecto ao recurso de reposición formulado por D. Facundo Rojo Gil en nome da empresa VINTEGRIS, contra o acordo de adxudicación do expediente de contratación 8579/113, a resposta é a seguinte:

No apartado 1 do PPT indícase o seguinte:

#### **1. Introducción**

O **obxecto do procedemento** é a **adquisición** dos elementos necesarios para dotar ao Concello de Vigo dun sistema centralizado propio, de custodia de claves e de certificados de empregado/a público/a, e a súa posta en marcha.

Nun sistema CKC os certificados e as súas claves almacénanse de xeito centralizado, controlado e seguro nun dispositivo tipo HSM (Módulo de Seguridade Hardware) que actúa coma unha caixa forte electrónica equivalente a unha tarxeta criptográfica. Este tipo de sistemas posibilitan a firma electrónica dende calquera dispositivo, fixo ou móbil.

O obxectivo dun módulo de seguridade HSM é o almacenamento seguro de certificados de clave pública ou PKI. As clave protexidas polos HSM soamente están ‘completamente protexidas por hardware’ se foron xeradas dentro do propio hardware. O HSM debe ser conforme coas normas legais e técnicas para garantir a seguridade das claves privadas que se empregan na sinatura electrónica.

A xeración de certificados nun dispositivo seguro de creación de firma permite garantir a seguridade e custodia do certificado, ademais de dispoñer de Firma Cualificada (Regulamento eIDAS).

O obxecto do procedemento exprésase no primeiro parágrafo. Os seguintes 3 parágrafos pretenden informar de beneficios que se poden obter cun sistema dese tipo. Concretamente o parágrafo cuarto pretende sinalar que o feito de xerar os certificados directamente nun dispositivo seguro de creación de firma permite garantir a seguridade e custodia do certificado e tamén pode permitir dispoñer de Firma Cualificada.

**“A xeración de certificados nun dispositivo seguro de creación de firma permite garantir a seguridade e custodia do certificado, ademais de dispoñer de Firma Cualificada (Regulamento eIDAS)” non é en si mesmo o obxecto do contrato.**

**Non se está a pedir Firma Cualificada** nin a creación de certificados, senón o dispositivo para albergalos de xeito seguro, como se indica no apartado 2 (Características do sistema) do PPT:

## 2. Características do sistema

O sistema de centralización de claves (CKC) e custodia de certificados, inclúe o subministro, instalación, configuración e posta en funcionamento da infraestrutura que permitirá a custodia dos certificados, autenticación e firma electrónica, así como a xestión do ciclo de vida dos certificados almacenados neste sistema.

Debe cumprir coas seguintes características:

- **Dispositivo HSM** virtual en rede, para o almacenamento seguro dos certificados e das súas claves, con licenza mínima de 150 usuarios/as, e coas medidas de seguridade equivalentes ás aportadas por unha tarxeta criptográfica.
- ...

Tampouco se trata da contratación dun servizo de provisión de certificados, senón de **adquirir un dispositivo HSM** (Módulo de Seguridade Hardware) como alternativa ás tarxetas criptográficas para o almacenamento dos certificados electrónicos do persoal ao servizo do Concello de Vigo, e de configurar o sistema para permitir o acceso dese persoal aos seus certificados, custodiados nese HSM, dende calquera terminal corporativo.

Por tanto, considérase que o obxecto do contrato encádrase dentro do apartado 3.b do artigo 16.1 da Lei 9/2017 para ser un contrato de **subministro** (adquisición de equipos e sistemas de telecomunicación ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas ....).

Por outra banda, a ningún dos licitadores se lle obriga a ser Prestador Cualificado. Sería como se, a modo de exemplo, nun contrato de adquisición de aparellos de TV se lle pedira ao licitador dispor de licenza de Radiodifusión e Televisión”.

En coherencia co previsto no PPT, o apartado 2a do Anexo I do PCAP indica que o obxecto do contrato é **“a adquisición dos compoñentes necesarios** para a posta en marcha dun





## Concello de Vigo

sistema virtual propio de centralización de claves e custodia de certificados electrónicos” e o apartado 2d contempla como necesidades a satisfacer co contrato “mellorar a xestión diaria do traballo dos empregados públicos facilitándolles o uso de firma electrónica independente dos dispositivos. Así como, **mellorar a seguridade do sistema de firma electrónica, centralizando os certificados electrónicos e as claves das persoas usuarias nunha estrutura de xestión única**”.

Mediante escrito de alegacións presentado o 16 de xaneiro de 2019 o adxudicatario do contrato, AC CAMERFIRMA, S.A., defende que se trata dun contrato de subministro, indicando que "Se refire á “ADQUISICION” dun sistema CKC que inclúe, segundo os PPT, un HSM, é dicir un dispositivo criptográfico baseado en hardware, ou máis sinxelo, unha máquina física que se subministra ao seu adquirente e que cumpra determinados requisitos técnicos que permita garantir a custodia e seguridade de claves e certificados electrónicos que se empregan para a sinatura electrónica cualificada. Pero non pide que se preste o servizo de sinatura cualificada conforme ao Regulamento eIDAS, senón unicamente que a máquina cumpra coas medidas de seguridade “equivalentes” ás do Anexo II do Regulamento eIDAS para facilitar o uso da sinatura electrónica dos empregados públicos”.

Pois ben, atendendo ao obxecto do contrato previsto no PCAP e no PPT e, tendo en conta o informe emitido polo Servizo de Administración Electrónica, cómpre cualificalo de subministro de conformidade co previsto no artigo 16 da LCSP. En consecuencia, procede desestimar esta alegación.

### 2. **“Ineptitude do adxudicatario Camerfirma para ofrecer servizos de sinatura cualificada segundo o indicado no regulamento EIDAS por non tratarse dunha entidade capacitada”**

Alega o recorrente

- que AC CAMERFIRMA “non está autorizada para a prestación do servizo a que se refire o prego de licitación (sinatura cualificada), motivo polo cal non cumpre co indicado no artigo 65.2 LCSP en relación coa esixencia de aptitude”.
- “En efecto, cando un prestador de servizos cualificado que expide certificados cualificados desexa ofrecer as funcionalidades de xeración e xestión de datos de creación de sinatura electrónica cualificada por conta do asinante (que é o obxecto da prestación esixida no PPT), debe obter a previa autorización do órgano de supervisión”.
- “É manifesto que servizo de sinatura electrónica cualificada con xeración e xestión de datos de creación de sinatura electrónica por parte do prestador de que se trate, se trata dun servizo legalmente reservado a un prestador cualificado de servizos de confianza, habilitación que se adquire desde a publicación dos datos do prestador e do servizo correspondente na lista de confianza do órgano de supervisión”.

En contestación a esta alegación, CAMERFIRMA alega no seu escrito que

- “é Prestador cualificado de Servizos de confianza tal como consta na TSL publicada polo Ministerio á que alude VINTEGRIS, pero, contrariamente ao afirmado por VINTEGRIS, os Pregos non están pedindo que o contratante teña dita cualidade ou “habilitación profesional”.

- “Reiteramos o dito no apartado anterior: non se está contratando o servizo de sinatura cualificada senón o subministro dun sistema de centralización de claves co cal o Concello de Vigo poderá centralizar e xestionar os seus certificados de forma remota, co perfecto coñecemento do valor da sinatura que con eles se poderá xerar ao non ser un prestador cualificado de servizos de confianza. Se o Concello de Vigo tivera a intención de utilizar o sistema CKC para xerar sinatura cualificada, non tivera contratado o “subministro” dun HSM xa que non é Prestador cualificado e no seu lugar tiña que ter contratado o “servizo” de confianza de sinatura electrónica cualificada”.

Á vista do anterior, cómpre sinalar que o PCAP, redactado de conformidade co PPT e a memoria xustificativa do contrato asinada o 24 de agosto de 2018, non esixe habilitación profesional ningunha para a prestación deste contrato. Isto precisamente, porque o obxecto do contrato é a adquisición dun dispositivo para albergar certificados de xeito seguro e non a sinatura cualificada nin a creación de tales certificados, como se indicou no punto 1. En consecuencia, resulta irrelevante se AC CAMERFIRMA está ou non autorizada para a prestación do servizo de sinatura cualificada, por non ser este o obxecto do contrato.

Á vista do anteriormente exposto tampouco procede estimar esta alegación.

-V-

#### **Acordo**

O órgano competente para a resolución dos recursos, tanto de alzada como de reposición, é a Xunta de Goberno local (artigo 121.1 e 123.1 da LPAC).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**"1º.- Admitir o recurso de reposición interposto o 27 de decembro de 2018 por D. Facundo Rojo Gil, en nome e presentación de VINTEGRIS, S.L., no procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do subministro para a adquisición de sistema de centralización de claves e custodia de certificados electrónicos.**

**2º.- Desestimar o citado recurso polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe”.**

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **3(28).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS EN TEIS, FASE II". EXPTE. 79/441.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta 15/01/19, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### 9.- Propostas de clasificación/clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Coutadas en Teis, fase II" (79-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 9 de xaneiro de 2019.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Coutadas en Teis, fase II" (79-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	<b>CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.</b>	<b>96,80</b>
2	ORECO, S.A.	93,70
3	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	92,66
4	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.	91,57

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(29).- PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES PARA A FLOTA DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA MUNICIPAL. EXPTE. 13493/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta 22/01/19, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

4.- Apertura económica (proposta de clasificación)

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do parque móbil municipal (13.493-445)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo servizo do parque móbil municipal (13.493-445) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### 5(30).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE DEPORTES NOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2018. EXPTE. 18167/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 21/01/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2018, o concelleiro-delegado de Deportes, José Manuel Fernández Pérez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados pola Concellería de Deportes (funcionais 3410 e 3420, durante os meses de outubro, novembro e decembro do ano 2018, que se relacionan deseguido:

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE
17980-333	SERVIZO DE SINALIZACIÓN DE CIRCUÍTO CARREIRA SOLIDARIA SAN SILVESTRE PARTIDA: 3410-2260901 RCM: 91103	A.D.VIGO SE MUEVE (G36689826)	15.11.18	31.12.18	459,80 €
18013-333	Servizo de coordinación da organización do programa de Cachibol para a 3ª idade na cidade de Vigo PARTIDA: 3410-2260901 ADM: 99854	AGRUPACION DEPORTIVA XOGARA (G36655033)	27.11.18	30.12.18	4 537,05 €
18012-333	Subministro de material promocional co logo do Concello de Vigo para o torneo de fútbol de Nadal Concello de Vigo PARTIDA: 3410-2260901 ADM: 96813	ALFICO (A36614378)	27.11.18	30.12.18	597,74 €
2400-611	AMPLIACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A REALIZACION DUN TRATAMENTO DE CHOQUE CONTRA A LEXIONELA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS Partida: 3420-2279916 RCM: 66660	ALNUR MEDIOAMBIENTE, SL (B94120482)	19.10.18	31/12/18	471,90 €

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE
17979-333	SERVIZO DE AMBULANCIA PARA CARREIRA SOLIDARIA SAN SILVESTRE PARTIDA: 3410-2260901 ADM: 90338	AMBULANCIAS RIAS BAIXAS SL (B36794113)	15.11.18	31.12.18	1 350,00 €
2453-611	Servizo de mupis para as escolas deportivas municipais PARTIDA: 3420-2260901 ADM: 80201	ARTES GRAFICAS JADFEL (B36891703)	05.10.18	30.12.18	1 024,87 €
18006-333	Servizo de coordinación da organización do Torneo de Nadal do Concello de Vigo fútbol 8 e 11 PARTIDA: 3410.2260901 ADM: 96805	Asociación de Fútbol Aficionado de Vigo (G36998227)	26.11.18	30.12.18	10 000,00 €
2543-611	SERVIZOS TÉCNICOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS PARTIDA: 3420-2260901 ADM: 96785	BELARMINO ALONSO COSTAS (36028618S)	26.11.18	31.12.18	2 343,90 €
2621-611	OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDES DE SEGURIDADE NOS LUCERNARIOS DO FALSO TEITO DO PAVILLÓN CENTRAL DO COMPLEXO DEPORTIVO DAS TRAVESAS PARTIDA: 3420-2120000 ADM: 99864	CONSTRUCCIONES ABAL, SA (A36115459)	05.12.18	13.12.18	10 396,31 €
2655-611	OBRAS DE REPARACIÓN DOS ELEMENTOS DANADOS POR VEHÍCULO NO MURO DE PECHE DO C.D. SAMIL PARTIDA: 3420-2100003 ADM: 103907	CONSTRUCCIONES O PAZO MUIÑOS, SL (B36991164)	17.12.18	18.12.18	1 815,00 €
2656-611	SERVIZOS PARA DESATASCAR TUBERÍA DE PLUVIAIS NO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMPAIO PARTIDA: 3420-2100001 ADM: 102463	CONSTRUCCIONES O PAZO MUIÑOS, SL (B36991164)	17.12.18	30.12.18	762,30 €



## Concello de Vigo

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE
17943-333	SUBMINISTRO MATERIAL PROMOCIONAL PARA 26 FESTA DO JUDO INFANTIL PARTIDA: 3410-2260903 ADM: 87515	Ediciones y Producciones Empresariales SAU (A36751287)	31.10.18	31.12.18	7 999,98 €
2523-611	SUBMINISTRO DE DIVERSO EQUIPAMENTO DEPORTIVO PARA AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARTIDA: 3420-6290000 ADM: 88590	ELKSPORT DISTRIBUCIONES, SL (B50301217)	09.11.18	30.12.18	18 064,47 €
2692-611	SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DE PROXECTOR LED E ORIENTACIÓN DE PROXECTORES NO CAMPO FÚTBOL DO CARBALLAL PARTIDA: 3420-2130002 ADM: 106432	ERGANOVA SOLUCIONES, SL (B27761105)	27.12.18	28.12.18	6 543,68 €
18011-333	Servizo voluntarias para coordinacion da organizacion da carreira solidaria San Silvestre PARTIDA: 3410-2260901 ADM: 97614	FPR EL OLIVO (G36704666)	27.11.18	31.12.18	2 000,00 €
2559-611	SERVIZOS TÉCNICOS DE TRANSPORTE E TRATAMENTO DOS RESIDUOS XERADOS NO PAVILLÓN DO CARME PARTIDA: 3420-2279915 ADM: 99862	GONZÁLEZ COUCEIRO, SLU (B36179299)	05.12.18	31.12.18	1 650,00 €
2560-611	SUBMINISTRO E INSTALACION DE ARMARIOS DE COMUNICACIÓNS E ELEMENTOS ACCESORIOS NOS PAVILLÓNS MUNICIPAIS DE CASTRELOS, BEMBRIVE, CORUXO E VALADARES PARTIDA: 3420-6260000 ADM: 98574	IRIS COMPUTERS, SL (B80654429)	05.12.18	30.12.18	9 099,20 €
2505-611	Subministro material de oficina non inventariable - Follas control instalación PARTIDA: 3420-2200000	Jose Ángel Suárez Martínez (36074727D)	09.11.18	30.12.18	964,37 €

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE
	ADM: 88649				
17944-333	Adquisición de exemplares do libro: Historia do Balonmán en Vigo PARTIDA: 3410-2200100 ADM: 87514	José Carlos Sánchez-Guisasola García (36012831Y)	31.10.18	30.12.18	2 420,00 €
18045-333	Subministro de dorsais para xornadas serie municipal de atletismo en pista e cross escolar Vigo PARTIDA: 3410-2260901 ADM: 101356	José Ramón Ocampo Perez (36127332J)	07.12.18	31.12.18	968,00 €
2670-611	SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO ELÉCTRICO ESPECIALIZADO AISLADO PARA O SEU USO NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO SERVIZO DE DEPORTES PARTIDA: 3420-6290012 ADM: 103254	KILOVATO GALICIA, SLU (A15051089)	19.12.18	30.12.18	7 080,51 €
2442-611	Obras de execución de reparacións na pista de atletismo e seus accesos PARTIDA: 3420-2100001 ADM: 80584	LIMONTA SPORT IBERICA SL (B80951510)	08.10.18	20.12.18	31 460,00 €
18058-333	Servizo de cuñas radiofónicas-Radio Marca para a carreira solidaria San Silvestre PARTIDA: 3410-2260901 ADM: 102438	Mediawave Grupo de Comunicación (B27804475)	13.12.18	31.12.18	3 146,00 €
2532-611	SERVIZO VALLAS PECHE CARREIRA SAN SILVESTRE PARTIDA: 3410-2260901 ADM: 94824	Meifus Machinery SL (B27719699)	15.11.18	31.12.18	1 754,50 €
2558-611	SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL PARA A INFORMATIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO SERVIZO DE DEPORTES PARTIDA: 3420-6260000/3420-6290008 ADM: 100411-100412	MIGUEL ÁNGEL IGLESIAS OTERO (52499410R)	13.12.18	30.12.18	5 384,50 €





## Concello de Vigo

EXPTÉ NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE
2448-611	Servizo de reparacion dunha fuga na caldeira no pavillón de Travesas PARTIDA: 3420-2130001 ADM: 79515	OTEYCO MANTENIMIENTOS SL (B36391646)	01.10.18	30.12.18	1 270,50 €
18046-333	Subministro de camisetas co logo do concello de Vigo para Liga Linco BB e Mini Balonmán PARTIDA: 3410-2260901 ADM: 99871	PERSONALIZA TU MARCA SERVICIOS DE MARKETING SL (B27829522)	07.12.18	31.12.18	2 250,60 €
18053-333	Subministro de material promocional co logo do Concello de Vigo (equipacións) PARTIDA: 3410-2260901 RCM: 99507	PERSONALIZA TU MARCA SERVICIOS DE MARKETING SL (B27829522)	12.12.18	31.12.18	1 839,20 €
18047-333	Subministro de material promocional para o programa de carreiras populares "RUN RUN VIGO" PARTIDA: 3410-2260901 ADM: 98135	PERSONALIZA TU MARCA SERVICIOS DE MARKETING SL (B27829522)	07.12.18	31.12.18	5 566,00 €
17809-333	SERVIZO DE REPARACIÓNS EXTRAORDINARIAS E PUNTUAIS A REALIZAR NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL DE SAMIL, AS TRAVESAS, ETEA, MONTE DA MINA, COMESAÑA E NAVIA (B) PARTIDA: 3420-2100001 ADM: 86929	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA (A70319678)	25.10.18	30.12.18	7 260,00 €
2642-611	SERVIZOS DE REPARACIÓNS PUNTUAIS NO CÉSPEDE ARTIFICIAL DO CAMPO DE FÚTBOL DAS TRAVESAS PARTIDA: 3420-2100001 ADM: 102428	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA (A70319678)	12.12.18	30.12.18	1 089,00 €
18057-333	Servizo de cuñas radiofónicas-Radio Vigo para a carreira solidaria San Silvestre PARTIDA: 3410-2260901 ADM: 102437	Radio Vigo SAU (A36612414)	13.12.18	31.12.18	9 999,99 e

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE
17559-333	Servizos patrocinio publicitario XIRAKARTING PARTIDA: 3410-2260200 ADM: 59738	RAQUEL GONZALEZ SL (B36554293)	06.07.18	30.12.18	4 961,00 €
17906-333	Servizo de instalación de indicadores de rutas VIGO ACTIVO no casco urbano da cidade PARTIDA: 3410-2279900 ADM: 84504	RP3 VIGO (B36803468)	19.10.18	31.12.18	2 601,50 €
17981-333	Servizo de deseño cartaz e flyer, produccion de lonas, carteis, impresos, vinilos e dorsais para a carreira solidaria San Silvestre PARTIDA: 3410-2260901 RCM: 105097	RP3 VIGO, SL (B36803468)	20.12.18	31.12.18	5 026,76 €
17997-333	Servizo para redes sociais, fotografías e memorias da carreira solidaria San Silvestre PARTIDA: 3410-2260901 RCM: 91556	Silvia Perez Bugallo-Difusion (44088318D)	19.11.18	31.12.18	1 333,42 €
2635-611	SUBMINISTRO DE DIVERSO MOBILIARIO PARA O SERVIZO DE DEPORTES PARTIDA: 3420-6250000 ADM: 99344	SIMIS MOBILIARIO, SL (B70292628)	07.12.18	30.12.18	4 985,20 €
18009-333	SERVIZO DE MEGAFONIA PARA CARREIRA SOLIDARIA SAN SILVESTRE PARTIDA: 3410-2260901 ADM: 98222	SONIDO COLLAZO SL (B36932689)	05.12.18	30.12.18	1 694,00 €
18010-333	Servizo de transporte, montaxe e desmontaxe infraestructuras deportivas-xestión coordinacion proba e varios. PARTIDA: 3410-2260901 ADM: 96811	Team Relay SL (B36963601)	27.11.18	31.12.18	8 393,24 €



## Concello de Vigo

EXPTE NÚM.	OBXECTO	ADXUDICATARIO/A	DATA ADXUDIC.	DATA REMATE CONTRATO	IMPORTE
2455-611	Servizo de reparación de toldos e tapizados nas instalacións deportivas municipais PARTIDA: 3420-2120000 ADM: 80581	TOLDOS VIGO (B36768448)	05.10.18	30.10.18	1 179,75 €
2639-611	SERVIZOS DE REPARACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL DO MEIXOEIRO PARTIDA: 3420-2100001/3420-2150000 ADM: 102414-102417	VILANOVA RODRÍGUEZ Y CASTRO, SL (B36529766)	12.12.18	30.12.18	3 878,05 €
2449-611	Servizo de reparación de ocos de ventilación e escaleira no pavillon municipal de Teis PARTIDA: 3420-2120000 ADM: 80299	VILANOVA, RODRIGUEZ CASTRO Y SL (B36529766)	01.10.18	30.12.18	1 357,44 €
2450-611	Servizo de reparación de cristais nas instalacións deportivas municipais PARTIDA: 3420-2120000 ADM: 80202	VITRALBA,SL (B36738086)	05.10.18	30.10.18	13 820,14 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **6(31).- PAGAMENTO DAS DIETAS ESTABLECIDAS POR ASISTENCIAS DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO, PERÍODO SETEMBRO A DECEMBRO DE 2018. EXPTE. 22996/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/01/19, dáse conta do informe-proposta de 26/12/18, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada de área, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Consonte co establecido na lexislación educativa vixente, a Lei Orgánica da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (BOE nº 295 martes 10/décembro/2013) que modifica a Lei

Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, recolle no seu artigo 126.1.c) que entre os membros que componen o Consello Escolar estará un Concelleiro/a ou representante do Concello do termo municipal onde esté radicado o centro. Igualmente os Concellos, consonte co establecido no artigo 25.2.n) da Lei 27/2103 teñen como competencia propia e responsabilidade legal a conservación, mantemento e vixianza dos colexios públicos, e a LOMCE tamén establece no seu artigo 80 entre as competencias do Consello Escolar de Centro a “promoción da conservación e renovación das instalacións escolares”.

En aras de cumprir esta obriga municipal e segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2018, aprobouse entre outros, o nomeamento de Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o ano 2018 (Expte 21661/332), e a autorización para que perciban en concepto de asistencias efectivas a cada sesión do órgano colexiado a dieta de 39,78.-€ (TRINTA E NOVE CON SETENTA E OITO EUROS), para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos A e B; e a dieta de 36,72.-€ (TRINTA E SEIS CON SETENTA E DOUS EUROS) para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos C e D; cantidades homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal, consonte co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

O referido R.D. recolle nos seus artigos 1.d) / 7.1.a) / 28.1 que : “Darán orixe a indemnización ou compensación as asistencias pola concurrencia, persoal ou por representación, as reunións de Órganos Colexiados da Administración, de Órganos de Administración de Órganos Públicos...”

Tal é o caso dos Consellos Escolares dos Centros Públicos, como Órgano Colexiado de Goberno dos centros de ensino público que dependen da Admón. Educativa Competente, neste caso a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, e que permiten participar na xestión dos centros aos distintos membros da comunidade escolar, ademais de constituir a canle para o control e xestión dos fondos públicos.

Tamén recolle no seu artigo 2e) que : “O presente R.D. será de aplicación para o persoal ao servizo das Corporacións Locais, tal e como prevé a súa lexislación específica”.

Contabilizadas as asistencias ós Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público, aportadas polos diferentes representantes municipais, dende o 07 de setembro ate o 20 de decembro dos correntes, elévanse á cantidade de 119 consellos escolares.

Na documentación que acompaña a este expediente, adxúntanse ademais dos xustificantes de asistencia expedidos polos centros de ensino, cada unha das fichas correspondentes ás sesións dos Consellos Escolares desenvolvidas polos representantes municipais, que con posterioridade quedarán arquivadas para a súa pertinente consulta nas dependencias do Servizo de Educación.

Asemade, e a efectos de cómputo, de cada representante municipal relacionase cronolóxicamente a data de asistencia da primeira e última sesión do consello escolar por cada un deles efectuada.

A competencia para acordar o pago das dietas establecidas por asistencias dos representantes municipais ás sesións dos Consellos Escolares dos Centros de Ensino



## Concello de Vigo

Público, no período setembro a decembro de 2018, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

### PROPOSTA:

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

“Aproba-la cantidade de **4.556,34.-€** en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares no período setembro a decembro de 2018, con cargo á **Partida Presupostaria 3230.233.00.00 dietas asistencia consellos escolares**, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO A2 (18/09/2018 - 13/12/2018) .....	19 X 39,78.-€ .....	755,82.-€
Zona 2.- MARIA JOSE LOUREIRO BADA, NIF: 36.080.259-K, GRUPO A1 (25/09/2018 - 23/10/2018) .....	5 X 39,78.-€ .....	198,90.-€
Zona 3.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C1 (11/09/2018 – 20/12/2018) .....	11 X 36,72.-€ .....	403,92.-€
Zona 4.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A1 (10/10/2018 - 11/12/2018) .....	17 X 39,78.-€ .....	676,26.-€
Zona 5.- PILAR CARNEIRO MINIÑO, NIF: 76.986.963-Y, GRUPO A1 (16/10/2018 - 05/12/2018) .....	2 X 39,78.-€ .....	79,56.-€
Zona 6.- ROCÍO BRUZON ALCAÑIZ, NIF: 36.058.643-W, GRUPO C1 (10/09/2018 - 17/12/2018) .....	15 X 36,72.-€ .....	550,80.-€
Zona 7.- ÁNGELES LANDÍN LORENZO, NIF: 36.091.654-P, GRUPO C1 (02/10/2018 - 11/12/2018) .....	12 X 36,72.-€ .....	440,64.-€
Zona 9.- MARIA JESÚS SANROMÁN VARELA, NIF: 36.018.668-R, GRUPO A2 (25/09/2018 - 17/12/2018) .....	8 X 39,78.-€ .....	318,24.-€
Zona 10.- MARIA RITA RIELO FRANCO, NIF: 36.067.074-S, GRUPO C1 (15/10/2018 - 11/12/2018) .....	9 X 36,72.-€ .....	330,48.-€
Zona 11.- YOLANDA FAJIN TORRES, NIF: 33.297.554-V, GRUPO A2		

(02/10/2018 - 23/10/2018) ..... 3 X 39,78.-€ ..... 119,34.-€

Zona 12.- ESTELA ROSENDE VILLAR, NIF: 36.069.110-G, GRUPO A2

(07/09/2018 - 13/12/2018) ..... 7 X 39,78.-€ ..... 278,46.-€

Zona 13.- MARIA GABRIELA ROMERO BANDEIRA, NIF: 36.035.364-E, GRUPO C1

(09/10/2018 - 12/12/2018) ..... 11 X 36,72.-€ ..... 403,92.-€

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(32).- REQUISITO DO REINTEGRO TOTAL DA “AXUDA Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2018” CONCEDIDA Á PIRUCHADAS S.L. EXPTE. 15989/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17/01/19, dáse conta do informe-proposta de 21/12/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de servizo, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa 2018.

#### **ANTECEDENTES**

Con data do 02.06.2018 e núm. de rexistro 180084780 Juan José Rodríguez Trillo co DNI 46908448V como representante da empresa Piruchadas, SL co NIF B27853035 presentou solicitude de Axuda á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa do ano 2018 pola transformación a contrato indefinido de dúas traballadoras ao abeiro do Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos.



## Concello de Vigo

Con data do 07.06.2018 e núm. de rexistro 180087932 Juan José Rodríguez Trillo co DNI 46908448V como representante da empresa Piruchadas, SL co NIF B27853035 achega outra documentación necesaria para subsanar e completar o expediente de solicitude (expte. 15352/77).

Con data do 13.06.2018 e núm. de rexistro 180091919 Juan José Rodríguez Trillo co DNI 46908448V como representante da empresa Piruchadas, SL co NIF B27853035 achega a documentación coa sinatura electrónica requirida (expte. 15352/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 20.09.2018, acordou concederlle unha axuda por importe de 5.000,00€.

Con data do 20.09.2018 e rexistro de saída número 27893 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 04.10.2018 e núm. de rexistro 180160643 a empresa Piruchadas, SL co NIF B27853035 presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada. Segundo o expediente 15742/77 de xustificación e pago da axuda.

Con data do 12.11.2018 e núm. de rexistro 180181349 a empresa Piruchadas, SL co NIF B27853035 comunica a baixa voluntaria dunha das traballadoras polas que se lle concedera axuda e achegan o formulario de oferta de emprego para proceder á solicitude de candidaturas para a súa substitución (na mesma data o documento co núm. de rexistro 180181350 ten a mesma documentación).

Con data do 14.11.2018 e núm. de rexistro 180182999 a empresa Piruchadas, SL co NIF B27853035 achega a oferta de emprego presentada ante a oficina de emprego.

Con data do 16.11.2018 e núm. de rexistro 180184606 a empresa Piruchadas, SL co NIF B27853035 informa que “Unha vez intentada a contratación dunha persoa que substitúa a traballadora de baixa Alice Correira Silva sen chegar a realizarse a mesma, COMUNICA que nos e vai substituír á traballadora para a que se solicitou a Axuda á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa 2018 e polo tanto ten a intención de reintegrar o importe da subvención que segundo as Bases reguladoras corresponda.”

Con data do 20.11.2018 e núm. de rexistro 180186066 a empresa Piruchadas, SL co NIF B27853035 informa da baixa o 12.09.2018 da outra traballadora pola que se lle concedera a axuda.

Con data do 21.11.2018 o xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emite informe concluíndo que “Á vista da comunicación presentada pola empresa interesada a través dos documentos núm. 180181349, núm. 180181350, núm. 180181299, núm. 180184606 e núm. 180186066 e, en consonancia co disposto na base 2ª, apartados a.4.5 e a.5 e a base 5ª a da convocatoria, procede iniciar un expediente de revogación total da subvención outorgada e requirir o reintegro de 5.000,00€ correspondente á totalidade da axuda concedida ademais dos xuros de demora desde o momento do pago da subvención ata a data do acordo que adopte a Xunta de Goberno Local.”

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do ano 2018 do programa de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguésa, expediente 15058/77, establece:

- na Base 2ª A, que segundo o apartado a.4.2 serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención: “Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.”
- na Base 2ª A, que segundo o apartado a.4.5 serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención: “Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante un período mínimo dun ano desde a transformación da modalidade do contrato ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións da base 2ª, apartado a.7.”
- na Base 2ª A, apartado a.7. Alteración das condicións de concesión: “De ser o caso, deberá comunicarse o cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención e, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto no punto a.4.5.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída. De non ser isto posible, cunha nova contratación indefinida inicial realizada cunha persoa desempregada, dentro dos dez días seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo aos que se solicitarán previamente.

No caso de que nin desde o servizo Público de Emprego de Galicia nin desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, se subministrase persoa ningunha co perfil requirido como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa substituída pola que se lle tería concedido a axuda, ou ben reintegrarse o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto no punto a.4.5 e a LXS.

A nova contratación deberá ser comunicada ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.”

- na Base 5ª a) Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro: “O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención.

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 36-37 da LXS e 32-33 da LSG. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as





## Concello de Vigo

cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

... O acordo da Xunta de Goberno Local que detemine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguente trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.”

### - Reintegro de subvencións:

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguente trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Xa que logo, procedeuse mediante orde de inicio de expediente 15989/77, asinada polo concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos de data 21.11.2018, ao inicio do procedemento de reintegro da subvención outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 20.09.2018 a prol de PIRUCHADAS SL, en concepto de axuda á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa 2018.

Mediante notificación asinada polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 21.11.2018, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade poidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

O acuse de recibo do 27.11.2018 que obra no expediente deixa constancia da recepción da devandita notificación.

Con data do 03.12.2018 e núm. de rexistro 180193305 a entidade interesada declara “*Que NON presenta alegacións.*”

Xa que logo, resulta procedente formular a proposta de acordo de reintegro total da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamentación que consta no expediente 15989/77, de xeito que:





## Concello de Vigo

–A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditir e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19.06.2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Requirir o reintegro total da subvención por importe de 5.000,00€, outorgada á empresa Piruchadas, SL co NIF B27853035 mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 20.09.2018, e 21,06€ correspondentes aos xuros de demora xerados desde a data do pago da subvención ata a data da adopción do presente acordo (en expte. 15989/77), por incumprimento da base 2ª A, apartados a.4.2, a.4.5 e a.7 e a base 5ª.a) segundo as bases reguladoras e convocatoria das Axuda á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa para o ano 2018.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións, polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

**SEGUNDO.-** Dar conta á empresa do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das

Administracións Públicas.

**TERCEIRO.-** Prazos para efectuar o aboamento (art. 62.2 LXT):

Si recibe esta notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Si recibe esta notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

**Advertencia:**

Transcorridos os anteditos prazos de ingreso en período voluntario sen que se efectuase o ingreso da débeda, iniciárase o período executivo e a recadación efectuarase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, sendo esixibles neste suposto as recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento nos termos dos artigos 26 e 28 da LXT (art. 161 LXT).

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(33).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2018. EXPTE. 7838/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 15/01/19, asinado pola xefa do Servizo de Festas, e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31<sup>a</sup> das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2018, aprobadas polo Pleno con data 27/12/2017, faise a seguinte

**PROPOSTA:**

Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de decembro de 2018.

Expte: 7725/335. CONTRATACIÓN DA DECORACIÓN PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL 2018

Decreto concelleira data: 05/12/2018



## Concello de Vigo

Informe Intervención: ADM 99866

Adxudicatario: BARAFUNDA SL

Importe total: 17.773,21 EUROS

Expte: 7726/335. CONTRATACIÓN DUNHA ACTIVIDADE DE AVENTURAS PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL 2018

Decreto concelleira data: 05/12/2018

Informe Intervención: ADM 99867

Adxudicatario: SDE GROUP SC

Importe total: 18.148,79 EUROS

Expte: 7728/335. CONTRATACIÓN DE OBRADOIRO LÚDICO EDUCATIVOS PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL 2018

Decreto concelleira data: 05/12/2018

Informe Intervención: ADM 99868

Adxudicatario: KOREMI REHABILITACIÓN SL

Importe total: 16.318,46 EUROS

Expte: 7729/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN, LUCES E SON PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL 2018

Decreto concelleira data: 05/12/2018

Informe Intervención: ADM 99869

Adxudicatario: BELDEUS SL

Importe total: 15.736,05 EUROS

Expte: 7752/335. CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DE TRAXES DE ACOMPAÑAMENTO PARA O DESFILE DA CABALGATA DE REIS

Decreto concelleira data: 12/12/2018

Informe Intervención: ADM 102429

Adxudicatario: FERNANDO JOSÉ MORENO SOTO

Importe total: 16.456,00 EUROS

Expte: 7770/335. CONTRATACIÓN DA PUBLICIDADE RADIOFÓNICA PARA A DIFUSIÓN DO PARQUE INFANTIL DO NADAL 2018

Decreto concelleira data: 20/12/2018

Informe Intervención: ADM 104929, 14930 e 104931

Adxudicatario: RADIO VIGO SAU, RADIO POPULAR COPE VIGO e UNIPREX SAU

Importe total: 16.779,68 EUROS

Expte: 7744/335. CONTRATACIÓN DA SEGURIDADE E LIMPEZA DO RECINTO DO PARQUE INFANTIL DO NADAL 2018

Decreto concelleira data: 20/12/2018

Informe Intervención: ADM 105111 e 105112

Adxudicatario: SERVICIOS INTEGRALES AGREGA SL e ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO SL

Importe total: 11.286,91 EUROS

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **9(34).- PRÓRROGA NA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-8 POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 3 MESES. EXPTE. 8616/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta 21/01/19, asinado pola xefa do servizo de Igualdade, a asesora do Servizo e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

O día 12 de xullo de 2018 o equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con DNI núm. 54468459 C, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada de seu fillo menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.



## Concello de Vigo

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-8, co obxecto de que a usuaria identificada con DNI núm. 54468459 C e o seu fillo, a ocupen por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/07/2018.

Desde o día 6 de agosto de 2018 a dita unidade familiar, permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento que emite este equipo municipal en data 18 de xaneiro de 2019 e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a tres meses, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-8 por un período máximo de 3 meses de duración a contar desde o día 6 de febreiro de 2019 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 8616/224.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(35).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. LORENZO BADÍA CUBAS CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 6 DE SETEMBRO DE 2018, DE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO MAPA ESTRATÉXICO DE RÚIDO (MER) DO CONCELLO DE VIGO, ANO 2017, FASE 3ª. EXPTE. 13339/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta 21/01/19, asinado polo técnico de Administración Xeral do servizo de Medio Ambiente, o xefe do servizo e a concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

### **I. ANTECEDENTES**

I.1.- A Xunta de Goberno Local en sesión do día 5 de abril de 2018, ditou acordo cuxa parte dispositiva literalmente di:

“PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, redactado por Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L., con data de 30 de setembro de 2017, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na L.37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (exp. nº 13339/306).

SEGUNDO.- Someter a documentación da revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, ó trámite de información pública polo prazo de un mes, contado desde a publicación do correspondente anuncio no BOP de Pontevedra, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións.

TERCEIRO.- A documentación da revisión do Mapa Estratéxico de Ruídos do Concello de Vigo estará a disposición do público en xeral no Servizo Municipal de Medio Ambiente (Casa do Concello, sita na Praza do Rei, 1, planta segunda, CP 36202) como na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental).

CUARTO.- No caso de que non si tivera presentado ningunha alegación, observación ou suxerencia no trámite de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón de aprobación inicial.

QUINTO.- Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia.”

I.2.- O documento de revisión do MER do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, someteuse a información pública por termo de un mes mediante a inserción de anuncio no BOP de Pontevedra do día 2/05/2018. O anuncio de información pública e o contido integro da revisión do MER publicouse, tamén, na páxina web do Concello de Vigo, no enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental), no Portal da Transparencia do Concello de Vigo e estivo, tamén, a disposición de tódolos cidadáns nas Dependencias Municipais do Servizo de Medio Ambiente do Concello de Vigo. Tamén, se notificou o trámite de información pública a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio Xunta de Galicia, ós servizos municipais de Fomento, Seguridade, Xerencia de Urbanismo.

I.3.- Durante o trámite de información pública foron presentada dúas alegacións:

- D. Lorenzo Badía Cubas, doc. 180083884.
- Asociación de Veciños Santa Mariña de Cabral, doc.180081058.

I.4.- O equipo redactor da revisión do MER emitiu informe sobre as alegacións presentadas que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data do 03/08/2018, doc. 180131219.

I.5.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 6 de setembro de 2018, ditou acordo que na súa parte dispositiva literalmente di:

“PRIMEIRO: Desestimar as alegacións presentadas por don Lorenzo Badía Cubas, doc. 180083884, e pola Asociación de Veciños Santa Mariña de Cabral, doc.180081058, no trámite de información pública da revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, en base aos fundamentos de feito e dereito que se sinalan na parte expositiva deste acordo.





## Concello de Vigo

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, redactado por Universidade de Vigo: Sonitum e a entidade Sonen, Centro de Acústica e Servicios de Telecomunicacións, S.L., con data de 30 de setembro de 2017, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na L.37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (exp. Nº 13339/306).

TERCEIRO: Remitir este acordo e o documento da revisión do MER do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, aprobado definitivamente, en formato dixital (por triplicado) á Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiente da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia para o posterior envío ó Ministerio para a Transición Ecolóxica e á Comisión Europea, de acordo co previsto na Disposición adicional oitava da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e artigo 14 do Rd 1513/2005, de 16 de decembro.

CUARTO: Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo.

QUINTO: Notificar ós alegantes e publicar este acordo de aprobación definitiva no BOP de Pontevedra para xeral coñecemento ao abeiro do establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do PACAP, e informar aos interesados/as que contra o presente acordo, consonte os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa, poderán interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

SEXTO: Publicar o presentado acordo e documento definitivamente aprobado da revisión do Mapa Estratéxico de Ruídos do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental), e no Portal da Transparencia do Concello de Vigo co obxecto de facilitar a súa consulta polos cidadáns a través de medios electrónicos".

O devandito acordo foi debidamente notificado a don Lorenzo Badía Cubas en data 14/09/2018.

I.6.- Con data 14/10/2018, DOC nº 180165303, ten entrada no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo recurso de reposición interposto por don Lorenzo Badía Cubas contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de setembro de 2018, de desestimación de alegacións e aprobación definitiva do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª.

## II.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española de 1978.
- Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal).

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental).
- RD. 1367/2007, de 19 de outubro, de desenvolvemento da L.3/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas).
- Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- Demais normativa de concordante aplicación.

### **III.- FUNDAMENTOS DE DEREITO**

#### 1.- Sobre a admisibilidade do recurso.

Segundo preceptúa o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPACAP), os interesados poden recorrer potestativamente en reposición os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os teña ditado. Este recurso deberá fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 do mencionado texto legal, sendo o prazo para a súa interposición de un mes se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 124 LPACAP).

Resultando que a resolución recorrida foi notificada ao interesado en data 14/09/2018, e tendo en conta que o recurso foi interposto en data 14/10/2018, este foi presentado en prazo, polo que procede a súa admisión.

#### 2.- Aspectos referidos ó fondo do recurso.

En relación ás alegacións cómpre indicar que:

2.1.- Alega don Lorenzo Badía Cubas que en ningún dos planos publicados na revisión do MER se teñen en conta as ubicacións reais dos focos de ruído da empresa Frigalsa, especialmente o equipamento de ventilación.

Como xa se puxo de manifesto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de setembro de 2018, con respecto ao ruído xerado polo foco descrito como “equipamento de ventilación/extracción de aire ou similar” da empresa Frigalsa, na fachada das instalacións cara a rúa Jacinto Benavente, o equipo redactor do Informe de revisión do mapa Estratéxico do Ruído do Concello de Vigo emitiu informe, literalmente como segue:

“(…)

- Na Figura 1, obtida da folla B2 do plano correspondente aos niveis de ruído equivalentes durante o período día-tarde-noite, L den , debidos á actividade e ao funcionamento dos focos industriais, compróbase que xa se tivo en consideración un foco de emisión puntual da empresa Frigalsa, na súa fachada da Rúa Jacinto Benavente. Os niveis de ruído asociados sitúanse no rango entre 60 e 65 dBA.
- Na Figura 2, obtida da folla B2 do plano correspondente aos niveis de ruído equivalentes durante o período día-tarde-noite, L den , debidos ao tráfico viario, compróbase que o nivel de



## Concello de Vigo

ruído na Rúa Jacinto Benavente debido ao tráfico de vehículos lixeiros e pesados sitúase no rango entre 70 e 75 dBA.

▪ Na Figura 3, obtida da folia B2 do plano correspondente aos niveis de ruído equivalentes durante o período día-tarde-noite, L den , debidos ao ruído total por tráfico viario, ferroviario e actividades industriais, compróbase que o nivel de ruído global na Rúa Jacinto Benavente sitúase no rango entre 70 e 75 dBA, cunha pegada acústica na contorna analizada similar á debida exclusivamente ao tráfico viario.

Dende o punto de vista do mapa de ruído, de estes resultados totais, obtidos como media global anual da actividade de todos e cada un dos diferentes focos considerados, dedúcese que o ruído debido aos sistemas de ventilación/extracción de aire indicados non aportan unha contribución relevante ao ruído global na contorna”.

De conformidade co anteriormente exposto, a alegación debe ser desestimada.

2.2.- Alega que non foron considerados no estudio os ruídos producidos polos peiraos de carga e descarga da empresa Frigalsa.

A alegación debe ser desestimada.

Como xa de declarou no acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de setembro de 2018, o equipo redactor, en relación á mencionada cuestión, informou literalmente o que segue:

“(…)

O cálculo do mapa de ruído de tráfico viario realízase mediante modelos estandarizados de emisión sonora, os cales xa consideran o efecto parada/arranque dos vehículos, así como o debido ao tráfico pesado. Dende o punto de vista dos niveis de ruído globais anuais, as actividades de carga e descarga e a estancia nocturna de camións acendidos nesta zona xa se teñen en conta, por tanto, dentro do propio modelo de emisión do tráfico”.

2.3.- Alega que deben ser identificados os ruídos producidos polos estaleiros de Hijos de J. Barreras, aínda que as súas instalacións se atopen dentro da zona portuaria.

Dita alegación deber ser desestimada por canto, de conformidade cos artigos 4 e 12 da Lei 37/2003 de 17 de novembro, do Ruído, é competencia da Administración Xeral do Estado –Autoridade Portuaria de Vigo-- a elaboración, aprobación e revisión dos mapas de ruído relativos ás infraestruturas da súa competencia, sen prexuízo da colaboración e coordinación entre as diferentes administracións públicas para garantir a súa homoxeneidade e coherencia co M.E.R. e o P.A.R. (Plan de Acción contra o Ruído) da aglomeración de Vigo.

2.4.- Alega don Lorenzo Badía Cubas que na revisión do Mapa Estratéxico de Ruído se indican como inactivos en horario nocturno os focos de ruído da empresa Hijos de J. Barreras en Avd. Beiramar esquina con Trv. Soler, cando dita circunstancia non é certa.

Dita alegación debe ser desestimada por canto, como ben se pode apreciar na propia copia do recorte da páxina 33 do documento 2017\_rmr06\_plano\_ruido\_ind.pdf, aportada polo actor na súa alegación, o citado foco si está contemplado no Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, coa definición de dous focos de ruído, un na fachada da Avenida de Beiramar e outro na fachada da rúa Ramón Soler, proporcionando a revisión do mapa de ruído uns resultados globais do término municipal, obtidos

como media anual da actividade de todos e cada un dos diferentes focos considerados, non superando os mencionados focos, na súa caracterización como media anual, os 50 dB no período nocturno (Ln).

2.5.- Alega que, en relación ó modelado por software, deberían reflectirse, cando menos a título informativo, os casos reais que non poidan ser tratados ó amparo das directivas europeas.

En relación a dita alegación o equipo redactor informou que “A metodoloxía de elaboración dos Mapas Estratéxicos de Ruído atende estritamente ás pautas recollidas na Directiva Europea, onde se indica claramente que a pegada acústica de calquera aglomeración ou infraestrutura debe calcularse a 4 metros de altura”.

De conformidade co anteriormente exposto, dita alegación debe ser desestimada.

3.- O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o mesmo órgano que tiña ditado a resolución recorrida (artigo 123.1 LPACAP), neste caso, a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución de delegacións de competencias do alcalde no referido órgano de data 19/06/2015 (BOPPO 14/07/2015).

Por todo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### **ACORDO**

**PRIMEIRO:** Desestimar o recurso de reposición que con rexistro de entrada de data 14/10/2018, DOC nº 180165303, presentou don Lorenzo Badía Cubas contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de setembro de 2018, de desestimación de alegacións e aprobación definitiva do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª, en base aos fundamentos de feito e dereito que se sinalan na parte expositiva deste acordo.

**SEGUNDO:** Notificar este acordo ó recorrente con indicación de que contra o mesmo, consonte os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique o presente acordo.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(36).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLA POLICÍA LOCAL DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DO ANO 2018. EXPTE. 62627/212.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta 14/01/19, asinado polo intendente da Policía Local e polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2018 (XULLO, AGOSTO E SETEMBRO):

Expte.	Partida	CM	Obxecto	Adxudicatario	Decreto	Rc	Fin contrato	Importe €
61123/212	1320.2200101	SUB	24 sinais educativas	Porta Signal	02/10/18	28/09/18	31/12/18	1963,83
61125/212	1320.2200101	SUB	700 bolsas merenda	Ana M <sup>a</sup> Costas Carbajal	28/09/18	02/10/18	31/12/18	2541,00
61358/212	1320.2330000	SER	Curso autoprotección mulleres vítimas violencia xénero	Adolfo Hermida Araujo e Manuel González García	11/10/18	16/10/18	16/11/18	1920,00
61503/212	1320.2219900	SUB	Elementos técnicos dotación individual	Saborit International SL	22/10/18	19/10/18	31/12/18	1307,37
61504/212	1320.2210400	SUB	40 pares luvas motorista	GRM 2008 SL	22/10/18	19/10/18	31/12/18	2043,00
61515/212	1320.6240000	SUB	Bicicleta eléctrica educación viaria	Redonbike SL	23/10/18	22/10/18	31/12/18	2154,43
61532/212	1320.2140000	SER	Destello luminoso e sinal acústica vehículo matrícula 4825FZS	Digiauto SL	29/10/18	25/10/18	31/12/18	1702,48
61649/212	1320.2260200	SUB	500 pañoletas día recordo vítimas accidentes tráfico	Abril Publicidad	06/11/18	05/11/18	18/11/18	828,85
61741/212	1320.6290001	SUB	Adquisición alcotest homologado	Saborit International SL	15/11/18	12/11/18	31/12/18	9676,37
61896/212	1320.2269900	SER	Megafonía día recordo vítimas accidentes tráfico	Sonido Collazo SL	16/11/18	15/11/18	18/11/18	1089,00
61960/212	1320.2080002	SUB	Aluguer botellas nitróxeno	Acail Gas España SA	22/11/18	22/11/18	30/12/18	193,60
61978/212	1320.2330000	SER	Curso manexo PDA	Javier Varela Vila e Jose Manuel verde Vieitez	22/11/18	22/11/18	11/12/18	1200,00
62036/212	1320.6290006	SUB	Equipo sonido	Jose Carlos Costas Álvarez	27/11/18	26/11/18	31/12/18	747,78
62059/212	1320.6290007	SUB	Adquisición 2 pantallas táctiles	Netcom Informática Profesional SL	29/11/18	29/11/18	31/12/18	2368,91
62108/212	1320.2219904	SUB	Adquisición 30 chalecos antibala	Guardian Homeland Security SA	29/11/18	29/11/18	31/12/18	17859,60
62214/212	1320.6290002	SUB	Adquisición pantalla seguimento gps	Netcom Informática Profesional SL	11/12/18	11/12/18	31/12/18	10096,24
62225/212	1320.2219900	SUB	Adquisición 2 odómetros atestados	Vimad Global Services SL	13/12/18	12/12/18	31/12/18	568,70
62233/212	1320.2219900	SUB	150 varillas indicadoras recámara	Spy Center SL	13/12/18	12/12/18	31/12/18	704,58

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

## **12(37).- RECLAMACIÓNS DE GASTOS XUDICIAIS DO FUNCIONARIO MUNICIPAL CON NÚMERO DE PERSOAL 77889. EXPTE. 33149/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/01/19, dáse conta do informe-proposta de 08/01/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- En escrito de data 11/12/2018 (nº doc. 180196658) o/ funcionario/a, con nº de persoal 78894 e DNI nº 3\*11\*\*\*1 \*, solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento abreviado nº 2382/2016, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 2 de Vigo/Sección 5ª Audiencia Provincial, tendo sido ditado Auto de data 21/05/2018 polo que se acordou o sobresemento e arquivo das actuacións. Interposto recurso de reforma e subsidiario de apelación, desestimouse o Recurso de reforma por Auto de data 01/02/2018, e mediante Auto de data 21/05/2018, confirmouse o sobresemento e arquivo das actuacións respecto a funcionario municipal agora solicitante.

2.- O importe solicitado ascende a unha contía de 81,29 euros da factura de Notario “poder para pleitos”, 157,35 euros minuta do procurador e 3.630 euros honorarios profesionais de abogado; en total, 3.868,64 **euros**. Se aportan a tal efecto as respectivas facturas así como os xustificantes do pago das mesmas efectuados polo solicitante.

### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos



## Concello de Vigo

ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurran circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

**IV.-** Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexo ao expediente.

No presente caso consta a presentación da factura L1/170582, de data 08/03/2017, por importe de 81,29 euros, que consta abonada; factura derivada da provisión de fondos de 31/05/2018, por importe de 157,35 euros, que consta abonada, e carta de despacho de abogados (Garrigues), pola que se notifica ao solicitante que con data 07/08/2018, recibíuse transferencia bancaria por importe de 3.630 euros, correspondente a factura 0010608103, derivada das dilixencias previas nº 2382/16, con indicación do traballo desenvolvido e incidencias; consta o Auto de data 22/12/17 polo que se acordou o sobresemento e arquivo das actuacións (trámite 10 do expte) e Auto de data 21/05/2018 que confirma o sobresemento e arquivo das actuación respecto ao funcionario municipal agora solicitante. Por outra parte, non estamos ante un suposto de actuación allea ao exercicio lexítimo das funcións asignadas, nin contraditorio coas regras xerais e os deberes sinalados no estatuto e o código de conduta dos empregados públicos ou corporativos locais, cumpríndose igualmente os requisitos da sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, anteriormente citada.

**V.-** De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal nos termos do establecido no Decreto da Excm. Alcaldía de 19/06/2015, elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**“PRIMEIRO.-** Acordar o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados ao/á funcionario/a con nº de persoal 78894 e DNI nº 3\*11\*\*\*1 \*, como consecuencia do persoamento do/a mesmo/a -en calidade de investigado/a- no procedemento abreviado nº 2382/2016; seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 2 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 22/12/17 polo que se acordou o sobresemento e arquivo das actuacións, Auto de data 01/02/2018 polo que se desestima o Recurso de Reforma, e Auto de data 21/05/2018 que confirma o sobresemento e arquivo das actuación respecto a funcionario municipal agora solicitante.

Os ditos gastos concréntanse nun importe total de **3.868,64 euros** (factura L1/170582, de data 08/03/2017, por importe de 81,29 euros; factura derivada da provisión de fondos de 31/05/2018, por importe de 157,35 euros; e factura 0010608103 de honorarios de abogado, por,importede3.630euros).

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(38).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NA PROPOSTA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN E CONSECUEMENTE DO ACORDO DA XGL DO 07/12/2018 SOBRE O ABONO DAS DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN CORRESPONDENTE A OEP 2010/2011 DA POLICÍA LOCAL POR QUENDA LIBRE EXPTE. 33172/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/01/19, dáse conta do informe-proposta de 20/01/19, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:





## Concello de Vigo

### **INFORME PROPOSTA:**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 07/12/2018, aprobouse o abono das dietas do órgano de selección correspondente a OEP 2010/2011 da Policía Local por quenda libre por un importe correspondente de 7.410,78 € (Expte: 33065/220).

Detéctase erro material ou aritmético no importe asignado a D. Rodríguez Rey, J.F., vogal do órgano de selección, con DNI nº \*\*.\*\*\*.118-N, onde asignase un importe de 2.079,91 €, e o correcto sería 3.114,20 €, habendo unha diferenza de 1.034,29 €.

En data 04/12/2018 fiscalizase o expediente por 7.410,78 onde o correcto sería a fiscalización por un importe de 9.767,15 €.

D. Rodríguez Rey, J.F., vogal do órgano de selección, con DNI nº \*\*.\*\*\*.118-N, con domicilio en Praza Europa, nº5 2ºD, Cambre, vintecinco asistencias de 39,78 €, dúas delas en sábado, máis kilometraje 298 Km. x 25 x 0,19 (1.415,50 €), gastos de peaxe por 657,32 € e tickets de parking 7,10 €, o que supón un total de 3.114,20 € a abonar no número IBAN ES07 0238 8125 5007 0006 9602.

Segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, do oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En consecuencia, e o abeiro das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e e 30/12/2016, así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno local realizada en acordos de mesmas datas, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

“**ÚNICO.**- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o erro detectado na proposta da Área de RRHH e Formación, de data 03/12/2018 e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data de data 07/12/2018, polo que se aprobou o abono das dietas do órgano de selección correspondente a OEP 2010/2011 da Policía Local por quenda libre por un importe correspondente de 7.410,78 € (Expte: 33065/220), debendo figurar onde di:

D. Rodríguez Rey, J.F., vogal do órgano de selección, con DNI nº \*\*.\*\*\*.118-N, con domicilio en Praza Europa, nº5 2ºD, Cambre, vintecinco asistencias de 39,78 €, dúas delas en sábado, máis kilometraje 298 Km. x 25 x 0,19 (1.415,50 €), gastos de peaxe por 657,32 € e tickets de parking 7,10 €, o que supón un total de 2.079,91 € a abonar no número IBAN ES07 0238 8125 5007 0006 9602.

#### O seguinte:

D. Rodríguez Rey, J.F., vogal do órgano de selección, con DNI nº \*\*.\*\*\*.118-N, con domicilio en

Praza Europa, nº5 2ºD, Cambre, vinte e cinco asistencias de 39,78 €, dúas delas en sábado, máis kilometraje de 298 Km. x 25 x 0,19 (1.415,50 €), gastos de peaxe por 657,32 € e tickets de parking 7,10 €, o que supón un total de 3.114,20 € a abonar no número IBAN ES07 0238 8125 5007 0006 9602.

Mantendo os restantes extremos do acordo indicado”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(39).- PROPOSTA DE ABOAMENTO A MC B.M. DE ATRASOS RETRIBUTIVOS DERIVADOS DA LEI 3/2017. EXPTE. 33090/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11/01/19, dáse conta do informe-proposta de 18/12/18, asinado pola xefa de Negociado de Persoal Seg-Social, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

- 1.- Con data 04/09/2017, tivo entrada a través do Rexistro Xeral doc. 170120263, presentado por D<sup>a</sup> MC. Mouriño Barros, na que solicita o abono dos atrasos retributivos derivados da aplicación da lei 3/2017, de 27 de xuño de Presupostos Xerais do Estado.
- 2.- Segundo os datos obrantes na Área de Recursos Humanos e Contratación, compróbase que a solicitante finalizou a súa relación laboral con este Concello en data 28/02/2017.
- 3.- Que con data 27 de xuño de 2017, aprobouse a Lei de Presupostos Xerais do Estado, 3/2017, que se fixo efectiva por este concello na nómina do mes de xullo, para os traballadores que figuraban de alta na nómina municipal..
- 4.- En consecuencia, efectuados os cálculos por esta Área de Recursos Humanos e Formación procedería o abono da contía de 58,96 euros correspondentes a atrasos retributivos en aplicación da lei 3/2017, de 27 de xuño, de aprobación de Presupostos Xerais do Estado, polo período de 1 de xaneiro a 28 de febreiro de 2017, que deberá tramitarse a través da nómina municipal para poder xerar os seguros sociais e correspondente abono de cuotas, para cotización que deberá imputarse a partida 92001430001.

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.**

- I. Lei 3/2017, de 27 de xuño de Presupostos Xerais do Estado.
- II. Orzamentos municipais para o presente ano 2018.
- III. Os actos administrativos de contido económico deben ser obxecto da preceptiva fiscalización, de conformidade co establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto



## Concello de Vigo

lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico.

- IV. O tratarse dun abono de retribucións, deberán tramitarse a través da nómina municipal, debendo imputarse a partida 92001430001. por un importe de 58,96 euros, agás erro ou omisión.

### **CONCLUSION.**

Procede a súa execución, segundo a motivación legal indicada, trala preceptiva fiscalización pola Intervención Xeral.

### **RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.**

De conformidade coas competencias recollidas no art. 127,1 apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita; previa a conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións de competencias efectuadas en datas 19/09/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**“PRIMEIRO.-** Recoñecer e abonar a D<sup>a</sup> M.C. Mouriño Barros, con DNI \*\*\*\*\*765-K, o importe correspondente as diferenzas retributivas pola aplicación da Lei 3/2017, de 23 de xuño, de aprobación dos Presupostos Xerais do Estado para dito ano, por importe de 58,96 euros, polos meses de xaneiro e febreiro de 2017, que deberan aboarse con cargo a aplicación orzamentaria 92001430001.

**SEGUNDO.-** O presente acordo notifíquese á interesada, á nomina municipal a efectos de abono e xeración do correspondentes seguros sociais e a Intervención Xeral.

Contra o presente acordo poderás interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes contando dende o seguinte a súa notificación, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin a vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(40).- RECURSO ALZADA PRESENTADO POR A. M.F. E 56 MÁIS CONTRA OS ACORDOS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 10 PRAZAS DE BOMBEIRO CORRESPONDENTES Á OEP 2014-2015-2016. EXPTE: 33314/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta emitido en data 10/01/19 polo órgano de selección para provisión en propiedade de 10 prazas de bombeiro correspondentes á OEP 2014-2015-2016, que di o seguinte:

Don Alejandro Moledo Filgueira e 56 máis presentan no rexistro de entrada do Concello en data 07-12-2018 (doc. 180195344) reclamación contra os acordos sobre realización do primeiro exercicio da oposición e sobre os acordos de resolución de alegacións as preguntas deste primeiro exercicio, solicitando a suspensión do proceso selectivo

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

**Primeiro.-** De conformidade coa base décimo sétima das xerais, contra os acordos de resolución de reclamacións do órgano de selección poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

Consecuentemente, este escrito que os alegantes cualifican como reclamación, debe ser tramitado como recurso de alzada en base ao disposto no artigo 115.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas *“El error o la ausencia de la calificación del recurso por parte del recurrente no será obstáculo para su tramitación, siempre que se deduzca su verdadero carácter”*.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de 21 de marzo de 2018 aprobou a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2014, 2015 e 2016 e, así mesmo, aprobou as bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das citadas ofertas de emprego público.

Dentro do obxecto desta convocatoria está a cobertura de 10 prazas de bombeiro, subgrupo C2 de titulación, polo sistema de oposición libre.

**Terceiro.-** En data 4 de novembro de 2018 realizouse no Complexo Deportivo de Navia o primeiro exercicio da oposición consistente en contestar por escrito, un cuestionario tipo test elaborado polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio, de 50 preguntas e 6 de reserva, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, e fixando o tempo para a súa realización en unha hora e quince minutos.

**Cuarto-** En data 5 de novembro de 2018 publicáronse os resultados deste exercicio outorgando un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións. Prazo no que a meirande parte dos recorrentes presentaron alegacións que foron resoltas polo órgano de selección en acordos de datas 9 -15 – 21 e 26 de novembro de 2018 publicando estes acordos nesta última data.



## Concello de Vigo

**Quinto.-** Conforme ao disposto no artigo 118.3 da citada Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, dáse traslado do recurso ao resto dos interesados publicando anuncio en data 20/12/2018 na páxina web do Concello de Vigo concedendo un prazo de 10 días para presentación de alegacións *“Si hubiera otros interesados se les dará, en todo caso, traslado del recurso para que en el plazo antes citado, aleguen cuanto estimen procedente”*

Dentro do prazo concedido non foron presentadas alegacións.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.-** O artigo 121 da Lei 39/2015 regula o recurso de alzada dispoñendo que:

“ 1. Las resoluciones y actos a que se refiere el artículo 112.1, cuando no pongan fin a la vía administrativa, podrán ser recurridos en alzada ante el órgano superior jerárquico del que los dictó. A estos efectos, los Tribunales y órganos de selección del personal al servicio de las Administraciones Públicas y cualesquiera otros que, en el seno de éstas, actúen con autonomía funcional, se considerarán dependientes del órgano al que estén adscritos o, en su defecto, del que haya nombrado al presidente de los mismos.

2. El recurso podrá interponerse ante el órgano que dictó el acto que se impugna o ante el competente para resolverlo.

Si el recurso se hubiera interpuesto ante el órgano que dictó el acto impugnado, éste deberá remitirlo al competente en el plazo de diez días, con su informe y con una copia completa y ordenada del expediente.

El titular del órgano que dictó el acto recurrido será responsable directo del cumplimiento de lo previsto en el párrafo anterior.”

**Segunda.-** Non concorre o requisito de lexitimación en dous dos recorrentes don Bruno de Sousa Díaz e don Abel Álvarez Pequeño por canto non participan neste proceso selectivo, non estando incluídos nas listas de admitidos no proceso polo que procede inadmitir a trámite o recurso de alzada.

Respecto dos demais recorrentes sí concorren os requisitos de competencia, lexitimación e prazo polo que procede admitir a trámite o recurso se alzada interposto.

**Terceira.-** O recurso basease nas seguintes alegacións:

**1)** Alégase inobservancia das normas, sinalando que a actuación do órgano de selección foi arbitraria ao facer unhas base novas coa escusa de interpretación das existentes. Sinalando que as bases vinculan tanto aos participantes no concurso, como a administración convocante e ao tribunal nomeado.

Alega que a base décima recolle literalmente *“Para a elaboración das preguntas, sortearanse de forma equitativa os temas dos manuais que proporcionalmente se aporten polos membros do órgano de selección.”* Que o órgano de selección entende que esta base é contraditoria sen explicar porqué.

Que a decisión do órgano de selección é arbitraria e contraria ao artigo 9 da Constitución.

Que o artigo 3 do Código Civil di que as “normas se interpretarán según el sentido propio de sus palabras”, e que as palabras en canto ao sorteo equitativo son moi claras.

**2) Invalidez das preguntas.** Alégase que o exame constaba de 50 preguntas máis 6 de reserva e que foron anuladas 8 preguntas, polo que as normas do proceso non se cumpren.

Que unha vez anuladas estas preguntas o tribunal tería que prorratear a puntuación máxima prevista entre as preguntas validas.

Solicitan a anulación das preguntas 7, 22, 29, 31, 48 e 50, co que as preguntas anuladas sumarían 14.

Solicitan a identificación das autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas baixo cuxa responsabilidade se tramita o procedemento.

**3) Nulidade do procedemento de conformidade co artigo 47 da Lei 39/ 2015,** por canto lesiona o dereito constitucional de acceso a función pública, ten contido imposible por conter preguntas erróneas, prescindir totalmente do procedemento ao non realizar o sorteo e non ter amparo normativo para determinar as preguntas, contradicir o ordenamento xurídico atribuíndose a facultade de crear novas bases.

En base ao exposto solicitan a nulidade do procedemento considerando que hai 14 preguntas invalidas.

### **Valoración das alegacións presentadas:**

**1) Inobservancia das normas.** En primeiro lugar compre sinalar que a decisión do órgano de selección non foi de ningún modo arbitraria. Así na sesión deste órgano do día 4 de novembro de 2018 motivouse con amplitude a xustificación da actuación do órgano de selección, como se transcribe a continuación “Tendo en conta que a base décima das xerais contén como previsión para a elaboración das preguntas o seguinte: “Para a elaboración das preguntas, sortearanse de forma equitativa os temas dos manuais que proporcionalmente se aporten polos membros do órgano de selección.”, o órgano de selección entende que a celebración dun sorteo de forma equitativa dos temas dos manuais que proporcionalmente se aporten polos membros do órgano de selección, é claramente contraditoria. Hai unha incompatibilidade entre os termos “sorteo”, “equitativo” e “proporcional”, o que leva a unha dificultade na interpretación deste apartado das bases por entender imposible a execución material do indicado sorteo.

Atendendo a esta imposibilidade material, o órgano de selección realiza unha interpretación racional e lóxica da base, en aplicación do disposto no artigo 3.1 do Código Civil, que dispón que “Las normas se interpretarán según el sentido propio de sus palabras, en relación con el contexto, los antecedentes históricos y legislativos, y la realidad social del tiempo en que han de ser aplicadas, atendiendo fundamentalmente al espíritu y finalidad de aquellas” e aplicando a base décimo sétima das xerais, que lle autoriza para resolver as dúbidas que se presenten.

En primeiro lugar dise que se sortearán os temas dos manuais aportados polos membros do órgano de selección. O sorteo non se refire aos temas que integran o temario da oposición, senón aos temas dos manuais. Este sorteo implicaría ter que realizar previamente unha relación dos temas incluídos neses manuais para despois sortealos.



## Concello de Vigo

Para a realización do primeiro exercicio, a citada base VI das específicas establece que o primeiro exercicio “Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas. O cuestionario será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio”.

De realizar o sorteo do xeito que prevé a base xeral, este sorteo suporía a elección duns temas (aqueles resultantes do sorteo) e o descarte doutros, e as bases non indican cantos temas se escollerían e cantos se deixarían fora. Esta interpretación levaría a un absurdo, xa que nos precedentes procesos selectivos desta administración municipal nos exames tipo test realízanse preguntas da maioría dos temas de xeito que se valora un coñecemento xeral do temario. Razón pola que a base específica recolle que as preguntas do cuestionario tipo test estarán relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, sen excluír ningún tema. Por outra parte, a realización do indicado sorteo dos temas dos manuais excluíría a lexislación (contida en textos normativos e nos diarios oficiais) á que se refiren algúns dos temas, o que se contradí co apartado anterior da mesma base xeral que establece que tamén se tomarán como referencia textos normativos (Diario oficial de publicación).

En base ao absurdo ao que podería conducir a realización dun sorteo que deixara fora por decisión do azar un número de temas (pois como xa dixemos non se determinan cantos), o órgano de selección, de conformidade coa autorización para resolver as dúbidas que se presenten, establecida na base décimo sétima das xerais, realiza unha interpretación lóxica e racional, ao entender que a finalidade pretendida pola disposición en cuestión é que todos os membros do órgano de selección aporten material para confeccionar as preguntas e que todos os manuais e textos normativos aportados sirvan de referencia para a elaboración das preguntas do cuestionario.”

A seguir na acta do día 4 de novembro relaciona os manuais aportados polos membros do tribunal indicando as preguntas no que cada manual foi empregado como referencia para a súa elaboración.

A base décimo sétima das xerais autoriza expresamente ao órgano de selección para resolver as dúbidas que se presenten. A base controvertida non define como debe realizarse o referido sorteo, por elo compete ao órgano de selección completar as lagoas que as bases poidan ter, coidando en todo caso o respecto aos principios de imparcialidade e de igualdade entre os opositores. Neste caso o exame foi o mesmo para todos os aspirantes, a interpretación realizada polo tribunal é totalmente imparcial xa que non busca nin favorecer, nin discriminar a ningún opositor.

Non se produce unha modificación das bases como pretenden os recorrentes, nin se introduce ningunha nova esixencia na actuación dos aspirantes. O tribunal vela por axustar a súa actuación administrativa a pautas de racionalidade, entendendo que para a elaboración do cuestionario debe acadarse unha distribución das preguntas que procedan de **manuais distintos e textos legais**, e abarquen os diferentes **temas do programa**.

De este xeito, o órgano de selección conforme a base VI das específicas, levou a cabo a súa función de elaborar inmediatamente antes do inicio do exercicio “...un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta relacionadas coas materias **que integran os programas das base específicas**.”

Esta base non exclúe do primeiro exercicio (test) ningún dos temas que integran os programas das base específicas, o que se contradí claramente coa realización dun sorteo que deixa a elección dos temas sobre os que realizar as preguntas ao capricho do azar, xa que as preguntas terían que formularse unicamente sobre os temas elixidos no sorteo.

Por outro lado, o sorteo tería que realizarse sobre *“os temas dos manuais que proporcionalmente se aporten polos membros do órgano de selección”*, o cal carece de sentido, xa que os manuais aportados empréganse como referencia para elaborar as preguntas, pero en ningún caso os temas dos manuais aportados poden substituír ao programa recollido nas bases.

Nesta función integradora, o órgano de selección interpreta as dúbidas suscitadas sobre o preciso sentido da base en cuestión con pleno respecto ao principio de adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as tarefas a desenvolver establecidas no artigo 55.2 e) do TREBEP e no artigo 49 g) da Lei de Emprego Público de Galicia, e en aras de garantir os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade que deben presidir o proceso selectivo, polo que, en base ao exposto, elaborouse un cuestionario ordenado e coherente, e o suficientemente heteroxéneo na ponderación das preguntas tanto respecto dos temas coma dos manuais, de xeito que permita a selección dos aspirantes nos que mellor se manifeste o mérito e capacidade para o acceso as prazas convocadas.

O referido artigo 3 do Código Civil di que as *“Las normas se interpretarán según el sentido propio de sus palabras, en relación con el contexto, los antecedentes históricos y legislativos, y la realidad social del tiempo en que han de ser aplicadas, atendiendo fundamentalmente al espíritu y finalidad de aquellas.”*

O elemento teleolóxico da base controvertida non pode ser outro que examinar aos aspirantes cun cuestionario coherente co temario e coas funcións a desenvolver, sendo o medio para acadalo a ponderación realizada polo tribunal do número de preguntas referido a cada un dos temas en función da súa importancia relativa.

Así pois, non ten cabida o reproche de ilegalidade, por canto o tribunal non cambia a norma senón que a interpreta e integra no exercicio da súa irrenunciable competencia, sen que a dita interpretación deba ser obxecto de publicidade por canto non introduce ningunha esixencia a maiores para os opositores distinta ás recollidas nas bases.

**2) Invalidez das preguntas.** Alégase que o exame constaba de 50 preguntas máis 6 de reserva e que foron anuladas 8 preguntas, polo que as normas do proceso non se cumpren.

A alegación é errónea respecto ao número de preguntas anuladas. Anuláronse as preguntas 1, 3, 8, 9, 23, 24 e 35, en total 7 preguntas, xustificándose en cada unha das preguntas o motivo da súa anulación. As base específicas recollen que o primeiro exercicio consistirá en contestar a un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo. Esta previsión mantense pese a anulación das preguntas sinaladas, xa que se supera en todo caso o número mínimo de preguntas recollido nas bases.

Alégase que unha vez anuladas esta preguntas o tribunal tería que prorratear a puntuación máxima prevista entre as preguntas validas.

As base dispoñen que *“Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase*





## Concello de Vigo

*cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.*” A aplicación informática para a corrección automática dos exercicios tipo test foi creada polo Servizo de Administración Electrónica do Concello de Vigo en función da dita base, polo que na corrección respéctase exactamente o establecido na mesma.

Formúlanse alegacións sobre as seguintes preguntas:

Pregunta 7 manifestan os alegantes que se expresa unha fórmula poñendo o signo da multiplicación cun “.” en vez do signo “\*” ou unha “x”, e que isto xustifica a anulación pois os opositores puideron entender que era unha coma, pese a que o tribunal refira que a coma é o signo “,”.

O tribunal desestima esta alegación por canto en matemáticas o punto (.) expresa multiplicación e a coma (,) expresa decimais, en consecuencia, ratifícase no acordo que sobre as alegacións a esta pregunta adoptou en sesión de 9 de novembro de 2018. *“Respecto a que non se pode expresar unha multiplicación cun punto porque semella decimais, ten que ser desestimado por canto, entre cada número e o signo da operación colocase un espazo, cando se expresa unha número con decimais non se deixan espazos entre as cifras que o compoñen. Por outro lado, o (.) é un signo para indicar a multiplicación e os decimais exprésanse con (,)”*

Pregunta 22 Basease a alegación en que esta pregunta ten unha redacción errónea en galego, “lo cual debe llevar a que la misma sea anulada, pero, absurdamente se determina que nadie ha escogido el examen en gallego y, por tanto no se anule.”

O órgano de selección ratifícase no acordado en sesión de 9 de novembro de 2018 sobre esta pregunta xa que o erro na redacción desta pregunta en galego non produciu erro en ningún dos opositores. Todos eles escolleron o exame en castelán estando a pregunta ben redactada. Os aspirantes coñeceron este erro despois de realizada a proba, polo que o mesmo non prexudicou a ningún opositor.

Pregunta 29. Alegase que ten que ser anulada esta cuestión, xa que o propio tribunal recoñece que o nudo pode ter outras funcións e determina que a función principal do nudo de ballestrinque é de anclaxe.

O tribunal desestimou a alegación sobre esta pregunta na sesión de 15 de novembro de 2018 sinalando, entre outras, que “Por outra parte, todos os nudos teñen varias funcións, pero a función principal do nudo de ballestrinque é a de anclaxe.” A pregunta esta correctamente formulada e o opositor ten que contestar a resposta máis acertada de entre as opcións que se formulan. Trátase dunha das preguntas recollidas nos libros básicos empregados polos opositores para preparar esta proba tipo tests - Bombero y bombero-conductor. Test del Temario práctico. Editorial MAD. Edición 2017. ISBN 9-788414-209837.

Pregunta 31. Alegase que o tribunal volve deixar caer a posibilidade de que existan varias respostas posibles e que se debe elixir a opción que mellor responda a pregunta, e que solo unha resposta debe ser válida.

Esta alegación ten que ser desestimada por canto órgano de selección no acordo sobre esta pregunta na sesión de 15 de novembro de 2018, non deixa caer a posibilidade de que existan varias respostas posibles como se alega, sinalando claramente que a resposta correcta é a d) como así manifestou: “O órgano de selección considera correcta a redacción da pregunta e válida a opción d).” As outras opcións desaxústanse dun xeito importante dos valores reais das proba de ensaio.

Pregunta 48. Alegase que non é certo que a resposta aceptada sexa a única válida.

O órgano de selección ratificase no acordo adoptado sobre esta pregunta en sesión de 15 de novembro de 2018: “Desestímase a alegación por canto dos elementos construtivos reseñados o único que resulta afectado por flexión e a viga. En todo caso, os/as aspirantes deben elixir entre as opcións plantexadas a que mellor responde a pregunta realizada.” A única opción de resposta é a opción a), xa que a flexión afecta unicamente aos elementos construtivos horizontais, mentres que nos elementos verticais o efecto que se produce é o pandeo.

Pregunta 50. Alegan coma na anterior que non é certo que a resposta aceptada sexa a única válida. Coma xa resolveu este tribunal na sesión de 15 de novembro de 2018, a armadura por si soa non é un elemento estrutural, polo que de todas as opcións de resposta a única válida é a opción c).

No que atinxe á identificación das autoridades e persoal ao servizo do Concello de Vigo baixo cuxa responsabilidade de tramita o procedemento, remitímonos ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 192 de 4 de outubro de 2018 no que se publica o acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de outubro de 2018, no que entre outros, designa aos membros dos órganos de selección, sen que teña sido formulada ningunha causa de abstención, nin de recusación ata o día da data.

**3) Nulidade do procedemento** de conformidade co artigo 47 da Lei 39/ 2015, por canto lesiona o dereito constitucional de acceso a función pública, ten contido imposible por conter preguntas erróneas, prescindir totalmente do procedemento ao non realizar o sorteo, e o no ter amparo normativo para determinar as preguntas, contradicir o ordenamento xurídico atribuíndose a facultade de crear novas bases.

Sen prexuízo de que cómpre puntualizar que o dereito de acceso á función pública que se invoca polos recorrentes (recollido no artigo 103 da Constitución) non é un dereito susceptible de amparo constitucional (que é o que esixe o artigo 47.a) da Lei 39/2015), non concorre causa de nulidade ningunha por canto, o tribunal exerceu a súa competencia elaborando un cuestionario cunha distribución axeitada das preguntas tanto respecto do temario coma dos manuais e lexislación empregados, de xeito que esta proba permita demostrar aos aspirantes en condicións de igualdade, os seus coñecementos do programa, obtendo os mellores resultados os opositores que teñan estudado a totalidade do programa e que acreditan reunir os mellores requisitos de mérito e capacidade para o acceso as prazas convocadas.

As preguntas que se consideraron erróneas foron anuladas por acordo motivado do órgano de selección polo que non cabe alegar como manifestan os recorrentes que “*Tiene contenido imposible por preguntas erroneas...*”

Por outro lado, xa se xustificou que o órgano de selección non elaborou novas bases, por canto, non cambia a norma senón que a interpreta e integra no exercicio das súas competencias, sen que dita interpretación supoña a introdución de ningunha esixencia non prevista na realización da proba.

**Cuarta. Suspensión do acto recurrido.** Conforme ao disposto no artigo 117.3 da Lei 39/2015 (LPA), enténdese suspendida a execución do acto por ter transcorrido trinta días sen resolución expresa, polo que procede levantar dita suspensión no presente acordo.



## Concello de Vigo

**Quinta. Competencia.** A base décimo sétima das xerais dispón que contra a desestimación das reclamacións resoltas polo órgano de selección poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de EMPREGO Público do concello de Vigo 2014, 2015, e 2016 publicadas no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra núm. 60 do 26 de marzo de 2018.

Polo exposto, de conformidade co disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e as bases reguladoras do procedemento de selección fórmulase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**Primeiro.-** Inadmitir a tramite o recurso de alzada interposto por don Bruno de Sousa Díaz e don Abel Álvarez Pequeño por canto non concorre nos mesmos o requisito de lexitimación xa que non participan neste proceso selectivo, non estando incluídos nas listas de admitidos no proceso.

**Segundo.-** Desestimar o recurso de alzada interposto por don Alejandro Moledo Filgueira e 54 máis (doc. 180195344) en data 07 de decembro de 2018 contra os acordos do órgano de selección sobre realización do primeiro exercicio da oposición e contra os acordos de resolución de alegacións ás preguntas 1, 3, 8, 9, 23, 24 e 35 deste primeiro exercicio do procedemento selectivo para a provisión de dez prazas de bombeiro, en base a motivación xurídica exposta.

**Terceiro.-** Alzar expresamente a suspensión da executividade do acto recorrido, solicitada no recurso que agora se resolve.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(41).- ADECUACIÓN E PRÓRROGA DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 19/2013, DO 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO. EXPTE. 32935/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 03/01/19, dáse conta do informe-proposta de 07/12/18, asinado pola técnica de Administración Xeral da Área de Recursos Humanos e Formación, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 11 de marzo de 2016, adoptou o seguinte acordo: "PROPOSTA DE ACTUACIÓN CONXUNTA E APROBACIÓN DE PROGRAMA DE ACTUACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN EFECTIVA DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 9/2013, DO 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO. EXPTE. 27064/220."

II.- Como consecuencia do acordo anterior, e segundo as necesidades de persoal referenciadas no programa aprobado, a Xunta de Goberno Local adoptou unha serie de acordos para o desenvolvemento do mesmo. Así:

. A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 1 de febreiro de 2017 adoptou acordo relativo ao NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL (IMPLEMENTACIÓN PRÁCTICA DA LEI 9/2013) DUN PROGRAMADOR INFORMÁTICO E DUN TÉCNICO DE XESTIÓN. EXPTE 29267/220.

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por execución de programa de carácter temporal, como Técnico/a de Xestión e como Programador/a de Informática, subgrupos A2 e C1 de Titulación, respectivamente, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de dous e tres anos, respectivamente, a partir do 01/02/2017 e, rematando en data 31/01/2019 e 31/01/2020, respectivamente), finalizando a relación de servizo transcorridos ditos períodos, xustificada nas necesidades da Área de Recursos Humanos e Formación, a Secretaría do Goberno Local e, o Servizo de Administración Electrónica, contidas no informe conxunto de data 18/09/2015, que figura no expediente 27064/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 11/03/2016 e, en consecuencia, autorizar o gasto de 165.994,63€, dos que 62.016,24€ corresponden ao presente exercicio orzamentario (11 meses) e, 103.978,39€ (25 meses) aos vindeiros exercicios 2018-2020, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionario interino por execución de programa de carácter temporal "Programa conxunto de actuacións para a implementación práctica da Lei 9/2013, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno en materia de Administración



## Concello de Vigo

Electrónica, Recursos Humanos e Secretaría do Goberno Local", expte. 27887/220, como Técnico de Xestión, por un período máximo de dous anos (01/02/2017 ao 31/01/2019), á D. RAUL VILA RODRÍGUEZ, DNI 53.183.361-R., na súa condición de único aspirante na lista que superou todos os exercicios no último proceso selectivo para funcionarios interinos coa categoría de técnicos de xestión, derivada do proceso selectivo autorizado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/05/2016 e, no disposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Nomear funcionario interino por execución de programa de carácter temporal "adequación ao modelo de tramitación dixital na área de Asesoría Xurídica", como Programador de Informática, por un período máximo de tres anos (01/02/2017 ao 31/01/2020), ampliables ata doce meses mais se o xustificara a duración do correspondente programa, á D. LAUREANO GUARÍN DÍEZ, DNI 36.081.906-N, na súa condición de segundo aspirante na lista que superou todos os exercicios no último proceso selectivo para funcionarios interinos coa categoría de programador/a de informática, derivada do proceso selectivo autorizado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 11/03/2016 e, no disposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

CUARTO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración do programa (01/02/2017 ao 31/01/2019 / 31/01/2020) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos Cód. 179-Técnico/a de Xestión e, Cód. 98-Programador/a de Informática, respectivamente, sendo adscritos a Área de Recursos Humanos e Formación, cód. 220, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

QUINTO: Establecer que a xornada laboral dos funcionarios interinos nomeados desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades da Área que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

SEXTO: Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, a Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a Secretaria do Goberno Local, ao Xefe de Servizo de Administración Electrónica, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

. A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 30 de novembro de 2017 adoptou acordo relativo ao NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA

TEMPORAL (PROGRAMA CONXUNTO DE ACTUACIÓN S PARA A IMPLEMENTACIÓN PRÁCTICA DA LEI 9/2013, DO 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BÓ GOBERNO), DUN PROGRAMADOR WEB. EXPTE. 30746/220.

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por execución de programa de carácter temporal, como Programador/a web, subgrupo C1 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de un ano e seis meses (novembro/2017 a abril/2019), finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Administración Electrónica, contidas no informe conxunto de data 18/09/2015, que figura no expediente 27064/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 11/03/2016 e, en consecuencia, autorizar o gasto de 47.071,48 €, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente. Da referida cantidade 5.172,58 € corresponden ao presente exercicio orzamentario (2 meses); 31.345,81 € (o exercicio de 2018, 12 meses) e 10.553,09 € (o exercicio 2019, 4 meses), xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionario interino por execución de programa de carácter temporal "Programa conxunto de actuación s para a implementación efectiva das previsión s contidas na Lei 9/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno", como Programador web, por un período máximo de de un ano e seis meses (novembro/2017 a abril/2019), á D. Ricardo Rodríguez Ferreirós, con DNI \*\*\*\*\*331 C, na súa condición de único aspirante que superou tódolos exercicios do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Programadores/as WEB, Subgrupo C1 de Titulación, expte. 29740/220, bases que se publicaron no BOP nº 91 de data 12 de maio de 2017.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración do programa (novembro/2017 a abril/2019) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribución s o importe do soldo, retribución s complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 98-programador/a informática, sendo adscrito ao Servizo de Administración Electrónica, cód. 113, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas función s noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, función s e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinación s reflectidas no apartado 3 das Instrución s sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.



## Concello de Vigo

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, ao Xefe de Servizo de Administración Electrónica, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

. A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 21 de decembro de 2017 adoptou acordo relativo ao NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL (PROGRAMA CONXUNTO DE ACTUACIÓNS PARA A IMPLEMENTACIÓN PRÁCTICA DA LEI 9/2013, DE 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BÓ GOBERNO LOCAL) DE UN/UNHA AUXILIAR DE ADMÓN. XERAL. EXPTE. 29684/220.

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por execución de programa de carácter temporal, como Auxiliar de administración xeral, subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo dun ano, un mes e 11 días (02/01/2017 a 12/02/2019), finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Administración Electrónica, Recursos Humanos e Secretaría Xeral, contidas no informe conxunto de data 18/09/2015, que figura no expediente 27064/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 11/03/2016 e, en consecuencia, autorizar o gasto de 25.560,35 €, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente. Da referida cantidade 22.865,98 € corresponden ao exercicio orzamentario de 2018 (12 meses); 2.694,37 € (o exercicio de 2019, 1 mes e 11 días), xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionario interino por execución de programa de carácter temporal "Programa conxunto de actuacións para a implementación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno", como Auxiliar de administración xeral, por un período máximo dun ano, un mes e 11 días (02/01/2017 a 12/02/2019), á D<sup>a</sup>. Xoana Soneira Villarino, con DNI \*\*\*\*\*678 L, na súa condición de seguinte aspirante segundo a orde da lista procedente da Oferta de Emprego Público 2010-2011, que permite os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Auxiliar de administración xeral, Subgrupo C2 de Titulación.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración do programa (febrero/2019) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-auxiliar de administración xeral, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao/á aspirante nomeado, ao Xefe de Servizo de Administración Electrónica, á Secretaría Xeral, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

III.- O día 06/11/2018, se recibiu proposta asinada pola Secretaria de Goberno Local, a Xefa da Área de RRHH e Formación e o Xefe do Servizo de Administración electrónica nos seguintes termos: **Primeiro-** Proceder á adecuación dos actos de execución do Programa de actuación para a implantación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Expte. 27064/220, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 11 de marzo de 2016, axustando a duración das contratacións realizadas ao seu abeiro á duración prevista de 3 anos do seguinte persoal:

- 1 Auxiliar de administración xeral
- 1 Programador Informático
- 1 Técnico de Xestión
- 1 Programador web

**Segundo-** Prorrogar o Programa de actuación para a implantación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Expte. 27064/220, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 11 de marzo de 2016, polo prazo máximo legalmente establecido.”

IV.- En base ao anterior o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 13/11/2018, ordenou a incoación do correspondente expediente administrativo para proceder á aprobación na Xunta de Goberno Local do “ADAPTACIÓN E PRÓRROGA DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 9/2013”, DO 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO. EXPTE (27064-220)”

V.- Con data 04/12/2018, polo Técnico de Organización e Planificación, fórmulase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.





## Concello de Vigo

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### **I.- Adaptación e prórroga do programa de actuación para a implantación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.**

No acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 11 de marzo de 2016, aprobando a “PROPOSTA DE ACTUACIÓN CONXUNTA E APROBACIÓN DE PROGRAMA DE ACTUACIÓN PARA A IMPLANTACIÓN EFECTIVA DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 9/2013, DO 9 DE DECEMBRO, DE TRANSPARENCIA, ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA E BO GOBERNO. EXPTE. 27064/220.”, xa se contemplaba que a virtualidade do dito programa se esgotaría “no momento en que a xestión cotiá das obrigas legais en materia de transparencia formen parte da actividade administrativa diaria da organización municipal- é a da prestación de apoio eficaz aos servizos transversais propoñentes, a fin de cumprimentar a garantía mínima de funcionamento conforme ao marco legal vixente en ámbitos materiais profundamente especializados, cuxo funcionamento permanente, con arranxo a criterios de calidade na prestación do servizo, debe ser unha prioridade para o funcionamento da totalidade da organización pública.” Se establecía como obxecto e finalidade do programa a prestación de apoio eficaz aos servizos transversais de Administración Electrónica e Innovación e de Recursos Humanos, a fin de cumprimentar a garantía mínima de funcionamento, conforme ao marco legal vixente, en ámbitos materiais profundamente especializados, cuxo funcionamento permanente, con arranxo a criterios de calidade na prestación do servizo, debe ser unha prioridade para o funcionamento da totalidade da organización pública.

Na proposta de data 11/10/2018, faise constar que “Como se desprende da temporalización coa que se adoptaron os ditos acordos, así como da data efectiva do inicio da prestación de servizos polo dito persoal, constátase que este programa non foi obxecto aínda de execución na súa integridade, nin o sería co cómputo do prazo de 3 anos, duración inicial do programa, pois se produciu unha fenda temporal mínima de 1 ano, o que ocasiona unha distorsión clara na execución do programa e na consecución dos seus obxectivos.

Durante este tempo, dende os tres ámbitos materiais de xestión municipal afectados, Área de Recursos Humanos e Formación, Servizo de Administración Electrónica e Secretaría de Goberno Local, desenvolveuse unha intensa actividade en materia de implantación das previsións normativas da Lei 9/2013, e precisamente, no marco do desenvolvemento dos estándares de conduta e de mellora continua, foron poñéndose en práctica distintas iniciativas para acadar unha maior transparencia na xestión, establecendo unha intensidade superior en relación coas esixencias derivadas dos indicadores legalmente establecidos.

Como mostra disto, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 22 de marzo de 2018 adoptou o seguinte acordo:

*Primeiro.- Aprobar o “Plan de seguimento e avaliación da transparencia e o bo goberno municipal”, no marco das obrigas legalmente establecidas e do Código de Bo Goberno,*

*conformado polas seguintes medidas de desenvolvemento do dito Plan, sen prexuízo doutras que se poidan aprobar no mesmo ámbito:*

1. Elaboración da Memoria de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo, de carácter anual
2. Elaboración das fichas de indicadores de transparencia como instrumento para garantir a actualización e a subministración da información destinada á Publicación no Portal de Transparencia.
3. Establecer unha periodicidade mensual para a elaboración e a correspondente publicación no Portal de Transparencia do Concello de Vigo das estatísticas relativas ao uso do Portal.
4. Establecer unha periodicidade trimestral para a elaboración e a correspondente publicación no Portal de Transparencia do Concello de Vigo das estatísticas relativas ás solicitudes de acceso á información pública.

Este acordo representa un gran avance no desenvolvemento das políticas públicas en materia de transparencia acorde cos mandatos da Lei 9/2013, en canto que representa a garantía dos principios xerais recollidos na mesma de actualización periódica, comprensibilidade e acceso sinxelo á información obxecto de publicidade activa, e coa intención de simplificar e sistematizar a subministración de información que se publica no Portal de Transparencia, que esixe un intenso labor para a súa posta en funcionamento, así como para o seu seguimento e avaliación, claves fundamentais para unha posterior rendición de contas, proxecto que pola súa transversalidade resulta de aplicación ao conxunto da organización municipal.

Como medida de desenvolvemento deste Plan de seguimento e avaliación da transparencia e o bo goberno e como práctica de mellora nos estándares de calidade da información obxecto de publicación no Portal de Transparencia e na execución das políticas municipais de goberno aberto, por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.07.2018, adoptouse acordo de aprobación das fichas técnicas dos indicadores de transparencia da xestión municipal,

**Primeiro.-** Aprobar as fichas técnicas dos indicadores transparencia da xestión municipal, recollidas no Anexo I como medida de desenvolvemento do Plan de seguimento e avaliación da transparencia e o bo goberno, nos termos establecidos no mesmo.

Co fin de dar debido cumprimento aos mandatos legais, así como da Xunta de Goberno Local, no exercicio das súas competencias, resulta precisa a adecuación dos actos de execución do programa de actuación para a implantación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, axustando a duración das contratacións realizadas ao seu abeiro á duración prevista de 3 anos, así como, de ser posible, a súa prórroga polo prazo máximo legalmente establecido.”

Partindo do exposto, temos que na proposta inicial de aprobación de actuación conxunta e aprobación de programa de actuación para implantación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno (expte 27064-220), se contemplaba unha data de inicio do programa que a realidade demostrou que non se pudo cumprir. Elo foi debido a diversas circunstancias, entre as que



## Concello de Vigo

se atopa a necesidade de seleccionar previamente o persoal necesario para desenvolver o programa (o que leva consigo a necesidade de realizar os correspondentes procesos selectivos). Así en realidade o programa referido se iniciou o 01/02/2017, día que foi nomeado o programador informático, incorporándose a partir de esa data e sucesivamente nos tempos sinalados no punto II dos antecedentes de este informe, os distintos efectivos asignados ao desenvolvemento do programa. É polo tanto o día 01/02/2017, o que debe de ser tido en conta como referencia para o cómputo do prazo de duración do programa a efectos do artigo 10.1 c) do RDL 5/2015, de 30 de outubro; elo pola evidencia de que non pode executarse programa algún sen o nomeamento do persoal necesario para desenvolver o mesmo.

Por outra banda, existe unha distorsión no que respecta á duración estimada do programa, toda vez que por unha parte se contemplaba un período de duración de dous anos, e por outra e no que respecta ao desenvolvemento do proxecto polo persoal de Administración electrónica, un período de tres anos. Esta distorsión é preciso corríxila e adaptala á realidade, xa que logo a finalidade e obxecto do programa está aínda por acadar, como se deduce da proposta de adecuación da execución do programa, sendo necesario polo tanto continuar coas tarefas de apoio aos proxectos de transparencia derivados da entrada en vigor da Lei 9/2013.

En canto á posibilidade de prórroga, temos que de conformidade co artigo 10.1 c) do RDL 5/2015, de 30 de outubro, "son funcionarios interinos los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias: c) la ejecución de programas de carácter temporal, que no no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto". O artigo 23.1.c) da lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, se refire a "a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración. O prazo máximo de duración da interinidade farase constar expresamente e non poderá ser supero a tres anos, ampliables ata doce meses mais de o xustificar a duración do correspondente programa".

Segundo o exposto na proposta de data 11/10/2018, de adecuación da execución do programa de actuación para a implantación das previsións contidas na lei 9/2013, resulta precisa a adecuación dos actos de execución do programa, axustando a duración dos nomeamentos realizadas ao seu abeiro á duración prevista de 3 anos, así como a súa prórroga polo prazo máximo legalmente establecido de doce meses máis.

## **II.- Adaptación dos nomeamentos interinos e prórroga dos mesmos.**

### **II a) Lexislación aplicable**

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

#### **"FD CUARTO.-**

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) **“El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar**



## Concello de Vigo

**parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”**

### **II b) Nomeamento de funcionarios interinos:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Consecuencia da adecuación e prórroga do programa inicial aprobado pola Xunta reitora, procede a prórroga dos nomeamentos interinos que están a desenvolver o programa (Programador informático (expte. 29267-220).- D. Laureano Guarín Díez . Técnico xestión (expte. 29267-220).- Raúl Vila Rodríguez . Auxiliar de administrador xeral (expte 29684-220).-Xoana Soneira Villarino . Programador web (expte 30746-220).- Ricardo Rodríguez Ferreirós).

Ditos nomeamentos serán revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate das prórroga do programa temporal, que acontecerá o día 01/02/2021.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de

execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **II c) Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na proposta de data 11/10/2018, de adecuación da execución do programa de actuación para a implantación das previsións contidas na lei 9/2013, resulta precisa a adecuación dos actos de execución do programa, axustando a duración dos nomeamentos realizadas ao seu abeiro á duración prevista de 3 anos, así como a súa prórroga polo prazo máximo legalmente establecido de doce meses máis. Nos remitimos ao punto I dos Fundamentos xurídicos de este Informe.

Así mesmo na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 13/11/2018, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño.

### **II d) Proposta de gasto:**

De acordo co informe económico que consta no expediente o nomeamento interino proposto supón o coste seguinte:



Concello de Vigo

**“CUADRO RESUMO CUSTE EXPEDIENTE PRÓRROGA PROGRAMA (13/02 E  
01/06/2019 a 01/02/2021 e, 01/02/2020 A 01/02/2021)**

CUSTE TOTAL PROPOSTA	ANUAL- 2019	ANUAL-2020	ANUAL-2021	Periodo ( 13/02- 01/06 de 2019 a 31/12/2021) e, (01/02/2020 a 01/02/2021) x 4 postos-
Retribucións totais TEC.XESTIÓN	38.927,75 €	39.706,31 €	40.500,44 €	77.568,77 €
Seguridade Social TEC.XESTIÓN	11.153,59 €	12.192,66 €	12.436,52 €	23.819,13 €
<b>TOTAIS TECNICO/A XESTIÓN</b>	<b>50.881,34 €</b>	<b>51.898,97 €</b>	<b>52.936,96 €</b>	<b>101.387,90 €</b>
Retribucións totais AUXILIAR	23.607,47 €	24.079,62 €	24.561,21 €	47.041,06 €
Seguridade Social AUXILIAR	7.248,08 €	7.393,04 €	7.540,90 €	14.442,77 €
<b>TOTAIS AUXILIAR</b>	<b>30.885,55 €</b>	<b>31.472,66 €</b>	<b>32.102,11 €</b>	<b>61.483,83 €</b>
Retribucións totais PROGRAMADOR/A	32.368,24 €	33.015,61 €	33.675,92 €	35.906,13 €
Seguridade Social PROGRAMADOR/A	10.173,00 €	10.376,46 €	10.583,99 €	11.284,92 €
<b>TOTAIS PROGRAMADOR/A</b>	<b>42.541,24 €</b>	<b>43.392,07 €</b>	<b>44.259,91 €</b>	<b>47.191,05 €</b>
Retribucións totais PROGRAMADOR/A WEB	32.368,24 €	33.015,61 €	33.675,92 €	54.787,60 €
Seguridade Social PROGRAMADOR/A WEB	10.173,00 €	10.376,46 €	10.583,99 €	17.219,17 €
<b>TOTAIS PROGRAMADOR/A WEB</b>	<b>42.541,24 €</b>	<b>43.392,07 €</b>	<b>44.259,91 €</b>	<b>72.006,77 €</b>
<b>Totais retribucións catro postos</b>	<b>74.120,92 €</b>	<b>129.817,15€</b>	<b>11.365,49 €</b>	<b>215.303,56 € (1)</b>
<b>Totais Seguridade Social catro postos</b>	<b>22.895,72 €</b>	<b>40.338,62 €</b>	<b>3.531,65 €</b>	<b>66.765,99 € (2)</b>
<b>Total</b>	<b>97.016,64 €</b>	<b>170.155,77€</b>	<b>14.897,14 €</b>	<b>282.069,55 € (3)</b>

(1) Da referida cantidade 74.120.92€, corresponde ao exercicio 2019 , 129.817,15€ ao exercicio 2020 e, 11.365,49€ ao exercicio correspondente ao ano 2021.

(2) Da referida cantidade 22.895,72€, corresponde ao exercicio 2019 , 40.338,62€ ao exercicio 2020 e, 3.531,65€ ao exercicio correspondente ao ano 2021.

(3) Da referida cantidade 97.016.64€, corresponde ao exercicio 2019 , 170.155,77€ ao exercicio 2020 e, 14.897,14€ ao exercicio correspondente ao ano 2021.”

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 “outras modalidades de nomeamento persoal non permanente” do vixente orzamento aprobado para o presente ano 2017.

#### **IV. Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

**1.-** Adecuar a execución do programa de actuación para a implantación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 11 de marzo de 2016, fixando como data de inicio do programa o día 01/02/2017 e data de finalización do mesmo o día 01/02/2020.

**2.-** Prorrogar por 12 meses, o programa de actuación para a implantación efectiva das previsións contidas na Lei 9/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 11 de marzo de 2016 (ata o 01/02/2021).

**3.-** Declarar a urxencia na prórroga do nomeamento dos catro funcionarios/as interinos/as por execución de prórroga do programa de carácter temporal, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, finalizando en todo caso o 01/02/2021, data na que remata a prórroga do programa, xustificada nas necesidades que constan no expediente 447/1102 "Adecuación da execución programa de actuación para a implantación das previsións contidas na lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e prórroga. Expte 27064-220".

En consecuencia, autorizar o gasto total de **282.069,55 €** (da referida cantidade 97.016.64€, corresponde ao exercicio 2019 , 170.155,77€ ao exercicio 2020 e, 14.897,14€ ao exercicio correspondente ao ano 2021), de conformidade co desglose establecido no informe técnico, ao que haberá de engadirse os custos de Seguridade Social que constan no informe económico anexo ao expediente, elo con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente.

**4.-** Prorrogar, -pola adecuación da execución e prórroga do programa de carácter temporal "Adecuación da execución programa de actuación para a implantación das previsións contidas na lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e prórroga. Expte 27064-220"-, ata o 01/02/2021 o nomeamento dos funcionarios/as interinos/as seguintes:

- . Programador informático (expte. 29267-220).- D. L. Guarín Díez
- . Técnico xestión (expte. 29267-220).- R. Vila Rodríguez
- . Auxiliar de administrador xeral (expte 29684-220).-X. Soneira Villarino
- . Programador web (expte 30746-220).- R. Rodríguez Ferreirós





## Concello de Vigo

5.- Dispoñer que a referida prórroga dos nomeamentos, faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración da prórroga do programa (01/02/2021) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos seguintes: o Programador informático (expte. 29267-220), posto cód. 98; o Técnico xestión (expte. 29267-220), posto cód. 179; o Auxiliar de administrador xeral (expte 29684-220), posto cód. 138, o Programador web (expte 30746-220), posto cód. 98; continuando adscritos aos mesmos Servizos/Áreas nos/nas que se atopan. Todo elo, sen prexuízo de que de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

6.- Establecer que a xornada laboral dos citados funcionarios interinos desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

7.- Notificar o presente acordo ao funcionarios interinos nomeados, ao Secretaría xeral, á Área de RRHH e Formación, ao Servizo de Administración Electrónica, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(42).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA ACCIÓN DENOMINADA C-ROADS SPAIN. EXPTE.103901/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta 11/12/18, asinado polo enxeñeiro técnico industrial de Mobilidade, Transporte e Seguridade, o xefa da Área de Seguridade e Mobilidade, e polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Acción subvencionada.

No marco dos proxectos europeos en materia de mobilidade sostible e intelixente nos que ven participando nos últimos anos o Concello de Vigo, a Comisión Europea a través da "Innovation and Networks Executive Agency" (INEA) aprobou recentemente o acordo de subvención (Grant agreement, en adiante G.A.) nº INEA/CEF/TRAN/M2016/1362448 para a implementación da acción nº 2016-ES-TM-0272-S denominada "**C-Roads Spain**".

Como COORDINADOR da acción subvencionada figura a DIRECCIÓN GENERAL DE TRÁFICO do Ministerio del Interior.

## **SEGUNDO.-** Beneficiarios.

Como beneficiarios da acción subvencionada figuran:

2. **Asoc. "Foro de Nuevas Tecnologías en el Transporte, ITS España"** (ITS España) - established in Spain
3. **TSS-Transport Simulation Systems SL (TSS)** - established in Spain
4. **Universidad Politécnica de Madrid (UPM)** - established in Spain
5. **Universitat Politècnica de Catalunya (UPC)** - established in Spain
6. **Fundación para la Promoción de la Innovación, Investigación y Desarrollo Tecnológico en la Industria de Automoción de Galicia- CTAG** (CTAG) - established in Spain
7. **Concello de Vigo - Council of Vigo** - established in Spain
8. **Equipos de Señalización y Control (ESYCSA)** - established in Spain
9. **INDRA SISTEMAS S.A (INDRA)** - established in Spain
10. **Dirección General de Carreteras** - Ministerio de Fomento (DGC) - established in Spain
11. **MADRID CALLE 30 S.A. (M. Calle 30)** - established in Spain
12. **GRUPO MECÁNICA DEL VUELO SISTEMAS S.A.U (GMV Sistemas)** - established in Spain
13. **Asociación Clúster de Movilidad y Logística de Euskadi (MLC ITS EUSKADI)** - established in Spain
14. **Asociación Centro Tecnológico Ceit-IK4 (Ceit-IK4)** - established in Spain
15. **OPUS REMOTE SENSING EUROPE (OPUS RSE)** - established in Spain
16. **GERTEK SOCIEDAD DE GESTIONES Y SERVICIOS S.A. (GERTEK)** - established in Spain
17. **ICEACSA Consultores, S.L.U. (ICEACSA)** - established in Spain
18. **Ingartek Consulting, SL (ING)** - established in Spain
19. **Abertis Autopistas España S.A. (Abertis)** - established in Spain
20. **Automóvil Club Asistencia S.A. (ACASA)** - established in Spain
21. **SENSEFIELDS, SL (SENSEFIELDS)** - established in Spain
22. **FERROVIAL CORPORACION S.A. (Ferrovial)** - established in Spain



## Concello de Vigo

23. **KAPSCH TrafficCom Transportation, S.A.U. (Kapsch)** - established in Spain
24. **UNIVERSITAT DE VALÈNCIA - ESTUDI GENERAL (UVEG)** - established in Spain
25. **Diputación Foral de Bizkaia - Bizkaiko Foru Aldundia (D.F. Bizkaia)** - established in Spain
26. **SEOPAN, Asociación de empresas constructoras y concesionarias de infraestructuras (SEOPAN)** - established in Spain

Todos os beneficiarios quedan debidamente representados polo Coordinador (DGT) en virtude de mandato expresamente outorgado segundo modelo contido no Anexo IV do G.A.

### **TERCEIRO.-** Obxecto e xustificación do concurso do Concello.

Concebida como actuación integrante do programa da Comisión Europea Trans-European Transport Network (TENT-T), a acción subvencionada enmarcase no desenvolvemento dos sistemas cooperativos intelixentes de transportes (C-ITS) no ámbito da mobilidade e comprende a utilización de diversas tecnoloxías de comunicacións wireless (ITS G5, 3G, LTE, etc.) que permiten un intercambio efectivo de información dos vehículos entre si (V2V) e destes coa infraestrutura (V2I) co obxectivo de acadar unha harmonización e interoperabilidade dos servizos C-ITS en Europa, realizando a tal efecto as probas dos servizos cooperativos recomendados por la Comunicación COM 2016/766 da Comisión Europea.

Ditos servizos ou casos de uso son estes: a) advertencia de vehículos lentos ou parados, b) avisos de traballos na calzada, c) avisos sobre o estado do tempo meteorolóxico, d) advertencias luminosas de frenado de emerxencia, e) advertencia de aproximación de vehículo en emerxencia, f) outras advertencias de situacións perigosas, g) advertencia de sinalización embarcada no vehículo, h) sistema embarcado de advertencia de infracción de sinal e de seguridade nas interseccións, i) prioridade semaforica solicitada por vehículos en servizo de emerxencia, j) aviso de velocidade optima para o aproveitamento da luz verde do semaforo, k) monitorización en tempo real da información relativa á circulación de cada vehículo (posición y dirección, estado dos dispositivos de frenado, limpiaparabrisas, presión dos neumáticos, etc.) e dos propios fluxos da circulación proporcionando aos condutores avisos de velocidade recomendada para calmar o tráfico, l) información sobre estacións de servizo de combustible/carga, m) protección de usuarios especialmente vulnerables (persoas maiores, rapaces, persoas con discapacidade sensorial), n) xestión e información sobre estacionamento regulado en superficie, o) información sobre parking privado, p) información sobre aparcamentos disuasorios, q) navegación cooperativa y conectada, r) información de tráfico e rutas intelixentes.

A participación do Concello no C-ROADS SPAIN responde á conveniencia de indagar nos aspectos técnicos, tecnolóxicos e legais que desde hai anos marcan as prioridades da axenda tanto do sector privado (todas as industrias transversalmente vinculadas á mobilidade de viaxeiros) como os poderes públicos a nivel nacional e supranacional (singularmente, a Comisión Europea) en resposta á nova revolución industrial que traen consigo as modernas TIC e a economía dixital.

#### **CUARTO.-** Entrada en vigor.

O G.A. entra en vigor a data en que o mesmo esté firmado por todos os socios.

As datas inicialmente previstas de desenvolvemento do programa eran desde o 08 de febreiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2020.

#### **QUINTO.- O programa.**

A acción subvencionada descomponse en dúas actividades parcialmente simultáneas, descompostas a súa vez noutras subactividades.

A actividade 1 consiste na participación dos socios da acción subvencionada na plataforma C-ROADS (<https://www.c-roads.eu/platform.html>) de dirección pública e cofinanciada pola Unión Europea, que con carácter aberto está constituída por autoridades de estados europeos, xestores públicos das infraestruturas viarias e outros actores pertencentes ao sector privado co obxectivo de implementar servizos cooperativos no eido dos sistemas intelixentes de transportes, plenamente interoperables e en toda Europa.

Da citada participación constituiranse varios grupos de traballo aos que se lle encomenda expresamente a elaboración das especificacións e acordos para un despliegue dos servizos cooperativos basados nunha infraestrutura harmonizada e que opere a nivel europeo.

A actividade 2 consiste no propio Piloto en España, e organizase dunha banda na realización de 5 probas piloto (Dirección General de Tráfico do Ministerio del Interior, SISTEMA DE COMUNICACIÓN INTELIGENTE VEHÍCULO-INFRAESTRUCTURA EN GALICIA –SISCOGA EXTENDIDO-, MADRID, CANTABRIA Y CORREDOR MEDITERRÁNEO) cada cal coas súas propias características e socios implicados.

O Concello de Vigo participa no SISCOGA EXTENDIDO en canto ás probas no ámbito estritamente urbano.

#### **SEXTO.- Financiación das actividades.**

O G.A. contempla a financiación do 50 por cento dos seguintes costes totais de participación do Concello de Vigo na acción subvencionada (2017-2019):

ACTIVIDADES/INVERSIONES/OUTROS					Total
Persoal	Viaxes	Equipamento	Materiais	Servizos	
205.500 €	5.600 €	37.900 €	0 €	21.000 €	270.000 €

Os costes de novo equipamento e servizos non precisan de dotación orzamentaria específica en canto a súa adquisición (prevista en principio para o ano 2018) encaixa plenamente no obxecto do actual contrato de xestión da mobilidade, en concreto no tocante ás inversións novas, que vence o 30 de xuño de 2019 (momento en que en todo caso ditos equipamentos e servizos estarán xa plenamente operativos).



## Concello de Vigo

Os custos de viaxes non precisan tampouco unha dotación orzamentaria adicional ás habituais segundo as regras da experiencia común na xestión deste tipo de créditos na Área de gasto concernida.

En mérito de canto antecede, o funcionario que suscribe ven en propor ao Concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que, previo informe da Intervención Xeral, eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

### ACORDO

1º.- Autorizar a participación do Concello de Vigo no acordo de subvención (Grant agreement, en adiante G.A.) nº INEA/CEF/TRAN/M2016/1362448 para a implementación da acción nº 2016-ES-TM-0272-S denominada "**C-Roads Spain**" aprobada polo INEA (Innovation and Networks Executive Agency) por poderes expresamente delegados da Comisión Europea e no que figura como COORDINADOR e REPRESENTANTE de todos os beneficiarios a DIRECCIÓN GENERAL DE TRÁFICO do Ministerio del Interior.

2º.- A participación en C-ROADS SPAIN implicará unha subvención máxima a favor do Concello por importe de 135.000 € durante os 36 meses de duración do mesmo.

Aos efectos de de dar cumprimento ó informe de intervención, oportunamente crearase aplicación orzamentaria específica.

3º.- Unha vez iniciado no ámbito da actividade 2 da acción subvencionada o piloto denominado SISCOGA EXTENDIDO, a Concellería de Mobilidade e Seguridade elevará á Xunta de Goberno Local cada seis meses e ata a conclusión da acción subvencionada informe sobre a implantación e evolución da mesma.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(43).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA ACCIÓN DENOMINADA ACCELERATING C-ITS MOBILITY INNOVATION AND DEPLOYMENT IN EUROPE (C-MOBILE). EXPTE. 103906/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta 11/12/18, asinado polo enxeñeiro técnico industrial de Mobilidade, Transporte e Seguridade, o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, e polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

#### **PRIMEIRO.-** Acción subvencionada.

No marco dos proxectos europeos en materia de mobilidade sostible e intelixente nos que ven participando nos últimos anos o Concello de Vigo, a Comisión Europea a través da "*Innovation and Networks Executive Agency*" (INEA) aprobou recentemente o acordo de

subvención (Grant agreement, en adelante G.A.) nº 723311 para la acción denominada Accelerating C-ITS Mobility Innovation and deployment in Europe (C-MOBILE).

Como COORDINADOR de acción subvencionada figura a mercantil IDIADA AUTOMOTIVE TECHNOLOGY S.A., con razón social en Santa Oliva-Tarragona.

**SEGUNDO.-** Beneficiarios.

Como beneficiarios de acción subvencionada figuran:

- DYNNIQ DENMARK AS(952748260)
- SWARCO HELLAS SYSTIMATA KYKLOFORIAS ANONYMI ETAIREIA(911529856)
- FEDERATION INTERNATIONALE DE L'AUTOMOBILE(999590724)
- AYUNTAMIENTO DE BILBAO(997580302)
- GERTEK SOCIEDAD DE GESTIONES Y SERVICIOS SA(997588547) - ETHNIKO KENTRO EREVNAS KAI TECHNOLOGIKIS ANAPTYXIS(998802502)
- TECHNISCHE UNIVERSITEIT EINDHOVEN(999977269)
- NEDERLANDSE ORGANISATIE VOOR TOEGEPAST NATUURWETENSCHAPPELIJK ONDERZOEK TNO(999988909)
- ASOCIACION CLUSTER DE MOVILIDAD Y LOGISTICA DE EUSKADI(997297062)
- KYKLOFORIAKI TECHNIKI ANONYMI ETAIRIA(917862792)
- REGION OF CENTRAL MACEDONIA(951347774)
- KAPSCH TRAFFICCOM ARCE SISTEMAS(961846472)
- AJUNTAMENT DE BARCELONA(997628123)
- GEOLOC SYSTEMS(957612325)
- GEMEENTE HELMOND(997610469)
- EUROPEAN ROAD TRANSPORT TELEMATICS IMPLEMENTATION COORDINATION ORGANISATION - INTELLIGENT TRANSPORT SYSTEMS & SERVICES EUROPE(999785112)
- PIAGGIO & C S.P.A.(999718958)
- HOCHSCHULE FUR TECHNIK UND WIRTSCHAFT DES SAARLANDES(946235486)
- GEMEENTE EINDHOVEN(993619889)
- AYUNTAMIENTO DE VIGO(967624471)
- IRU PROJECTS ASBL (952347456)
- FUNDACION PARA LA PROMOCION DE LA INNOVACION, INVESTIGACION Y DESARROLLO TECNOLÓGICO EN LA INDUSTRIA DE AUTOMOCION DE GALICIA(999603819)
- TOMTOM DEVELOPMENT GERMANY GMBH(951657883)
- AUTOMOBIL CLUB ASSISTENCIA SA(956612352)



## Concello de Vigo

- UNIVERSITY OF NEWCASTLE UPON TYNE(999985417)
- GERTRUDE(947176677)
- TECHNOLUTION BV(999751162)
- NEWCASTLE UPON TYNE CITY COUNCIL (997979942)
- DEUTSCHES ZENTRUM FUER LUFT - UND RAUMFAHRT EV(999981731)
- SYNETAIRISMOS RADIOTAXI THESSALONIKIS TAXIWAY SYN PE(926743918)
- ASOCIACION CENTRO TECNOLOGICO CEIT-IK4(999605662)
- PTV PLANUNG TRANSPORT VERKEHR AG.(999924889)
- DYNNIQ NEDERLAND BV(953484102)
- IDIADA AUTOMOTIVE TECHNOLOGY SA(999788313) - COORDINATOR
- MAP TRAFFIC MANAGEMENT BV(936827165)
- KOBENHAVNS KOMMUNE(974788115)
- MACQ SA(961010429)

### **TERCEIRO.-** Obxecto e xustificación do concurso do Concello.

Encadrada na chamada H2020-MG-2016 Two Stages, Topic 6.2, a acción subvencionada responde á temática central -na consideración das autoridades comunitarias- da demostración e desenvolvemento dos sistemas cooperativos intelixentes de transportes (C-ITS) no ámbito da mobilidade.

A súa visión incide nunha mobilidade sostible, economicamente viable e libre de conxestións (eficiente), e presta singular atención á eliminación das vítimas especialmente en ámbitos urbanos complexos.

Trátase en definitiva de aproveitar o estado da arte das modernas TIC en termos de comunicacións, infraestrutura do lado da carreteira (RSU) e os novos conceptos de entrega de servizos aos usuarios para a creación de redes avanzadas de comunicacións (V2I, V2V) híbridas (G5, 4G, 5G) e o desenvolvemento o seu través de servizos de valor engadido no eido da mobilidade, utilizando un enfoque común que asegure a súa interoperabilidade e dispoñibilidade en toda Europa, a súa aceptación (técnica e económica) polos usuarios e a creación de novas oportunidades de negocio en toda a cadea de valor.

Da actuación espéranse sete (7) resultados clave, a saber:

O deseño dunha estrutura C-ITS en asociación cos principais actores da industria (fabricantes, provedores, centros de investigación, xestores da infraestrutura) de xeito que permita propoñer solucións orientadas a un desenvolvemento eficaz das solucións C-ITS nos sitios piloto, incluídos novos modelos de negocio.

Unha nova Axenda do sector da Mobilidade definida segundo áreas estratéxicas de investigación e innovación que promova solucións C-ITS sostibles e conduza a un alto grao de automatización en toda Europa.

Una nueva valoración inclusive o análise custe-beneficio dos beneficios acumulados na vida real derivados da agrupación das aplicacións C-ITS e a integración dos distintos modos de transporte no ecosistema C-ITS.

Implementación aberta e segura C-ITS a gran escala das aplicacións novas e das existentes cuxa viabilidade se teña demostrado en entornos urbanos complexos, interoperables entre los distintos Estados europeos e que abarque o maior número de grupos de usuarios da mobilidade.

Aportar unha plataforma aberta de fontes C-ITS que dean soporte á implementación do concepto de servizos a través do uso de dispositivos básicos de uso xeneralizado, validadas aquelas polas comunidades de programadores.

Procedementos operativos validados para a implementación a gran escala de servizos sostibles C-ITS en Europa.

Publicación da metodoloxía dos test utilizados para evaluar o demostrado impacto da arquitectura e servizos C-ITS.

A participación das autoridades públicas en C-MOBILE resulta primordial na medida en que a implementación da infraestrutura e os servizos C-ITS dependen radicalmente da realización das políticas públicas adecuadas e da súa aceptación polos usuarios.

O Concello de Vigo se ofrece en C-MOBILE como sitio piloto, participa nos debates técnicos, recibe inversións na nova infraestrutura (RSUs, OBUs, App) e xera un coñecemento indispensable para definir no horizonte temporal da próxima década a arquitectura tecnolóxica e os servizos asociados dun indubitado novo modelo de mobilidade intelixente e sostible.

#### **CUARTO.- Duración do programa.**

A acción subvencionada ten unha duración prevista de 42 meses contados desde o 01 de xuño de 2017.

#### **QUINTO.- Servizos a implementar.**

Ao concello de Vigo corresponde a implementación e demostración dos seguintes servizos C\_ITS:

##### **5.1 PAQUETE DE SERVICIOS Nº. 2**

- Advertencia de traballos na calzada.
- Advertencia doutros perigos na calzada (inclusive atascos de tráfico).
- Advertencia da presenza de vehículos en servizo de emerxencia.
- Advertencia de infracción da sinalización.

##### **5.2 PAQUETE DE SERVICIOS Nº.3**

- Sistema de prioridade verde (onda verde).





## Concello de Vigo

- Recomendación de velocidade óptima para aproveitar integramente a onda verde en condicións de seguridade (GLOSA).
- Sistema dinámico de sinalización viaria embarcado no vehículo.
- Monitorización e recolección de xeito anónimo dos datos do tráfico (velocidade, posición, aceleración, utilización de dispositivos de freado) para ser utilizados na xestión da mobilidade polas autoridades públicas.

### 5.3 PAQUETE DE DATOS Nº. 4

- Detección anticipada da activación da luz de freado de emerxencia.
- Sistema cooperativo de control de velocidade uniforme.
- Advertencia da existencia de vehículo parado ou estacionado.
- Indicación da aproximación dunha motocicleta (e outros usuarios vulnerables).
- Detección de riscos en zonas de nula visibilidade.

### SEXTO.- Financiación das actividades.

ACTIVIDADES/INVERSIÓN/OUTROS					Total
Persoal	Viaxes	Equipamento	Materiais	Servizos	
42.750 €	12.000 €				54.750 €

A financiación alcanza o 100 por cento do citado importe polos referidos conceptos, que son indistintos e a xustificar no caso dos viaxes, equipamento, materiais e servizos.

En mérito de canto antecede, o funcionario que subscribe ven en propor ao Concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que, previo informe da Intervención Xeral, eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

### ACORDO

1º.- Autorizar a participación do Concello de Vigo no acordo de subvención (Grant agreement, en adiante G.A.) nº 723311 para la acción denominada Accelerating C-ITS Mobility Innovation and deployment in Europe (C-MOBILE).

Como COORDINADOR da acción subvencionada figura a mercantil IDIADA AUTOMOTIVE TECHNOLOGY S.A., con razón social en Santa Oliva-Tarragona.

2º.- A participación en C-MOBILE implicará unha subvención máxima ao favor do Concello por importe de 54.750 € durante os 42 meses de duración do mesmo.

A efectos de de dar cumprimento ó informe de intervención, oportunamente crearase aplicación orzamentaria específica.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(44).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE DECEMBRO DE 2018. EXPTE. 2338/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta 17/01/19, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural, e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2018, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e o Museo Quiñones de León (337) no mes de **DECEMBRO**, e que son os que deseguido se relacionan:

<b>CENTRO OU SERVIZO</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>DATA</b>	<b>IMPORTE</b>
<b>SERVIZO MUSEOS (341)</b>	Expte. 2305/341. Servizos de reparación de fontanería en baños da segunda planta da Casa das Artes. CAL BAIXO MIÑO CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L. RCM 98138.	07/12/18	750,20 €
<b>SERVIZO MUSEOS (341)</b>	Expte. 2313/341. Subministración de materiais antideslizantes con motivo de "Campaña de Nadal 2018-19" para Casa Galega da Cultura e Casa das Artes. MANUEL MURADÁS SEARA. RCM 98453.	07/12/18	1.474,92 €
<b>SERVIZO MUSEOS (341)</b>	Expte. 2297/341. Fotografado das obras da exposición "Construíndo cos materiais. Elena Colmeiro (1958-2016)" na Casa das Artes. XURXO LOBATO. RCM 99506.	11/12/18	2.420,00 €
<b>MUSEO QUIÑONES (337)</b>	Expte. 6253/337. Proxecto de intervención para a climatización do vestíbulo de acceso ao Pazo Museo Quiñones de León do Concello de Vigo. ELECTRICIDAD EYP, S.L. RCM 96798.	03/12/18	14.807,75 €



## Concello de Vigo

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **20(45).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA NO AUDITORIO MUNICIPAL NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2019. EXPTE. 2435/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 21/01/19, e o informe de fiscalización do 15/01/19, dáse conta do informe-proposta de 14/01/19, asinado pola técnica media de Actividades Culturais e Educativas, o xefe de Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

### **INFORME**

O concelleiro-delegado da área de Cultura resolveu con data 3 de xaneiro de 2019 que pola área de Cultura se inicie o expediente necesario para a fixación de prezos de venda de entradas da programación Vigocultura no Auditorio Municipal no segundo semestre do ano 2018, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42.

O custe total en cachés é de 76.603,35 € (na seguinte táboa se desglosan por día), o custe final de produción será de 11.113,86 €, que se especifica segundo cada función, o custe de comunicación definitivo é de 11.113,86 € (inclúe material gráfico, edición de vídeos promocionais, etc.), que se prorrota entre as funcións resultando un custe de comunicación de 520,83 € por espectáculo, e o custe estimado polo servizo de venda de entradas segundo anteriores edicións poderá ser de aproximadamente 5.000 €, que prorrotao entre as funcións nos dá un custe de 217,39 € por función.

Xa que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a citada ordenanza reguladora de prezos públicos, increméntanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

Na seguinte táboa faise o desglose dos custes por función e a proposta do prezo de venda de entradas para este semestre:

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	CACHÉS	PRODUCCIÓN	PUBLICIDADE (PRORRATEO)	VENDA ENTRADAS (PRORRATEO)	COSTE TOTAL	AFORO MÁXIMO	COSTE/ ESPECTADOR	PREZO PROPOSTO	RECADACIÓN TOTAL AFORO COMPLETO
01/02/19	Contraproducións	Commedia	4.779,50 €	379,90 €	520,83 €	217,39 €	5.897,62 €	285	20,69 €	8 €	2.280,00 €
02/02/19	Contraproducións	Commedia	4.779,50 €	98,76 €	520,83 €	217,39 €	5.616,48 €	285	19,71 €	8 €	2.280,00 €
03/02/19	Avento Produccións Teatrais	Ummm!	1.250,00 €	229,96 €	520,83 €	217,39 €	2.218,18 €	285	7,78 €	5 €	1.425,00 €
08/02/19	Eme2 emoción&arte	La novia de "Don Quijote"	1.754,00 €	361,16 €	520,83 €	217,39 €	2.853,38 €	285	10,01 €	8 €	2.280,00 €
10/02/19	Galitooon	Facendo o indio	2.100,00 €	229,96 €	520,83 €	217,39 €	3.068,18 €	285	10,77 €	5 €	1.425,00 €
15/02/19	La Estampida	Lo nunca visto	4.840,00 €	436,13 €	520,83 €	217,39 €	6.014,35 €	285	21,10 €	8 €	2.280,00 €
17/02/19	Culturactiva	Saaabor!	1.210,00 €	229,96 €	520,83 €	217,39 €	2.178,18 €	285	7,64 €	5 €	1.425,00 €
22/02/19	La Joven Compañía	Playoff	6.900,00 €	848,12 €	520,83 €	217,39 €	8.486,34 €	285	29,78 €	8 €	2.280,00 €
24/02/19	La Canica	Historia de un calcetín	2.290,00 €	154,99 €	520,83 €	217,39 €	3.183,21 €	285	11,17 €	5 €	1.425,00 €
01/03/19	Programa 3x3 (Teatro en Punto, Enconarte Produccións e Teatro en Vilo)	Unha rosa entre as pernas, Sorpresa! Y Hoy puede ser mi gran noche	8.114,00 €	379,90 €	520,83 €	217,39 €	9.232,12 €	30	307,74 €	9 €	270,00 €
02/03/19	Programa 3x3 (Teatro en Punto, Enconarte Produccións e Teatro en Vilo)	Unha rosa entre as pernas, Sorpresa! Y Hoy puede ser mi gran noche	8.114,00 €	117,50 €	520,83 €	217,39 €	8.969,72 €	30	298,99 €	9 €	270,00 €

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	CACHÉS	PRODUCCIÓN	PUBLICIDADE (PRORRATEO)	VENDA EN-TRADAS (PRORRATEO)	COSTE TOTAL	AFO-RO MÁXI-MO	COSTE/ ES-PECTADOR	PREZO PROPOSTO	RECADACIÓN TOTAL AFO-RO COMPLE-TO
03/03/19	Percubebé	Percubebé	2.325,00 €	373,97 €	520,83 €	217,39 €	3.437,19 €	180	19,10 €	5 €	900,00 €
08/03/19	A Berberecheira de Chévere	Anatomía dunha serea	1.500,00 €	379,90 €	520,83 €	217,39 €	2.618,12 €	285	9,19 €	8 €	2.280,00 €
10/03/19	Mago Cayetano Lledó	Lafayette Show	1.900,00 €	211,22 €	520,83 €	217,39 €	2.849,44 €	285	10,00 €	5 €	1.425,00 €
15/03/19	Talabarte+Domini-que Molard		4.114,00 €	2.503,57 €	520,83 €	217,39 €	7.355,79 €	285	25,81 €	8 €	2.280,00 €
17/03/19	Magín Blanco	A nena e o grilo máis aló	2.150,00 €	628,07 €	520,83 €	217,39 €	3.516,29 €	285	12,34 €	5 €	1.425,00 €
22/03/19	Malasombra Pro-ducións	D.E.P.	2.200,00 €	417,39 €	520,83 €	217,39 €	3.355,61 €	285	11,77 €	8 €	2.280,00 €
24/03/19	Malasombra Pro-ducións	Os fabulosos cleaners	2.299,00 €	698,18 €	520,83 €	217,39 €	3.735,40 €	285	13,11 €	5 €	1.425,00 €
05/04/19	De Ste Xeito Pro-ducións	Running	1.850,00 €	239,34 €	520,83 €	217,39 €	2.827,56 €	285	9,92 €	8 €	2.280,00 €
07/04/19	La Banda de otro	Yee Haw	3.430,35 €	229,96 €	520,83 €	217,39 €	4.398,53 €	285	15,43 €	5 €	1.425,00 €
26/04/19	Cía Daniel Abreu	La Desnudez	4.400,00 €	1.018,59 €	520,83 €	217,39 €	6.156,81 €	285	21,60 €	8 €	2.280,00 €
27/04/19	Paula Quintáns/Traspe-diante	Plastic	1.400,00 €	417,39 €	520,83 €	217,39 €	2.555,61 €	285	8,97 €	8 €	2.280,00 €
28/04/19	Da.Te Danza	Akari	2.904,00 €	229,96	520,83 €	217,39 €	3.872,18 €	285	13,59 €	5 €	1.425,00 €
<b>TOTAL</b>			<b>76.603,35 €</b>	<b>11.113,86 €</b>	<b>11.979,09 €</b>	<b>4.999,97 €</b>	<b>104.396,00 €</b>	<b>5940</b>			<b>39.345,00 €</b>

Debido a que a programación é concebida como un todo, e que os prezos públicos deben ser máis ou menos homoxéneos para a maioría dos espectáculos, establécese o prezo de venda de entradas para público adulto de 8 €, excepto no programa 3x3 que consta de 3 espectáculos e se vendería a 9 €; e un prezo para os espectáculos dirixidos a público familiar, de 5 €.

Os prezos propostos non superarían o custo calculado en base ao coste total do programa entre a ocupación total das localidades, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza se establecerán abonos pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto, non sobrepasando en ningún dos casos o 30 % que establece a ordenanza

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web de ticketea, no teléfono 902044226, en Discos Elepé e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura faise a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Que se autoricen os prezos de venda de entradas da programación Vigocultura no Auditorio Municipal no primeiro semestre do ano 2019, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	PREZO PROPOSTO
01/02/19	Contraproducións	Commedia	8 €
02/02/19	Contraproducións	Commedia	8 €
03/02/19	Avento Producións Teatrais	Ummm!	5 €
08/02/19	Eme2 emoción&arte	La novia de "Don Quijote"	8 €
10/02/19	Galitoon	Facendo o indio	5 €
15/02/19	La Estampida	Lo nunca visto	8 €
17/02/19	Culturactiva	Saaabor!	5 €
22/02/19	La Joven Compañía	Playoff	8 €
24/02/19	La Canica	Historia de un calcetín	5 €
01/03/19	Programa 3x3 (Teatro en Punto, Enconarte Producións e Teatro en Vilo)	Unha rosa entre as pernas, Sorpresa! Y Hoy puede ser mi gran noche	9 €
02/03/19	Programa 3x3 (Teatro en Punto, Enconarte Producións e Teatro en Vilo)	Unha rosa entre as pernas, Sorpresa! Y Hoy puede ser mi gran noche	9 €
03/03/19	Percubebé	Percubebé	5 €



## Concello de Vigo

08/03/19	A Berberecheira de Chévere	Anatomía dunha serea	8 €
10/03/19	Mago Cayetano Lledó	Lafayette Show	5 €
15/03/19	Talabarte+Dominique Molard		8 €
17/03/19	Magín Blanco	A nena e o grilo máis aíó	5 €
22/03/19	Malasombra Producións	D.E.P.	8 €
24/03/19	Malasombra Producións	Os fabulosos cleaners	5 €
05/04/19	De Ste Xeito Producións	Running	8 €
07/04/19	La Banda de otro	Yee Haw	5 €
26/04/19	Cía Daniel Abreu	La Desnudez	8 €
27/04/19	Paula Quintáns/Traspediante	Plastic	8 €
28/04/19	Da.Te Danza	Akari	5 €
<b>TOTAL</b>			

Se establecen dous tipos de abonos á carta pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto.

A concellería da Área de Cultura ten asinado un protocolo de colaboración co IES Audiovisual de Vigo polo que se establece un desconto dun 50 % no prezo da entrada para o alumnado e profesorado do centro que presente o carné da escola na billeteira e entrada do recinto.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web de ticketea, no teléfono 902044226, en Discos Elepé e o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do Auditorio (sempre que houbese entradas disponibles).

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(46).- AUTORIZACIÓN ASISTENCIA DA FUNCIONARIA MUNICIPAL Nº DE PERSOAL 78436 Á FEIRA EUROPEA DE TEATRO PARA NENOS E NENAS FETEN 2018, QUE TERÁ LUGAR EN GIJÓN ENTRE OS DÍAS 17 E 22 DE FEBREIRO DE 2019. EXPTE. 2413/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 18/01/19, e o informe de fiscalización do 15/01/19, dáse conta do informe-proposta de 22/01/19, asinado pola técnica media de Actividades Culturais e Educativas, o xefe de Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e o polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

## **INFORME.-**

O concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, resolveu que pola Área de Cultura se iniciase o expediente necesario para encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy a asistencia en Comisión de Servizo á Feira Europea de Teatro para Nenos e Nenas Feten 2019, que terá lugar en Xixón entre os días 17 e 22 de febreiro de 2019.

A citada funcionaria, técnica media de actividades culturais e educativas, ven desempeñando funcións de programación de música, teatro e danza que desenvolve ao longo do ano a Área de Cultura, así como a programación estable de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal. Como consecuencia deste feito, a citada funcionaria realiza funcións de xestión da programación de artes escénicas relacionadas directamente coa feira á que se lle encomenda a citada comisión de servizo e que terá lugar en Xixón, entre os días 17 e 22 de febreiro de 2019. Ao comezar a feira o domingo día 17 de febreiro pola mañá e finalizar o venres 22 de febreiro pola noite, autorízase a saída o día anterior, sábado 16 de febreiro e o regreso ao día seguinte da finalización da feira, o sábado 23 de febreiro.

Ao non tratarse dun curso, encontro ou foro que se poida considerar como formación, senón dunha feira na que se visualizan ofertas de artes escénicas co obxectivo de realizar a posterior programación do servizo de Cultura, debería considerarse como unha viaxe oficial en comisión de servizo.

Estímanse pois uns gastos máximos que se xustificarán posteriormente e que previsiblemente serán inferiores que os estimados no presente informe:

- 261,80 € en concepto de 7 dietas de manutención.
- 461,79 € en concepto de 7 dietas de aloxamento.
- 450,00 € en concepto de gastos de transporte (gasoliña, posibles peaxes, parking, etc.).

As dietas se corresponden coa lexislación vixente correspondente aos grupos A2, ao que pertence a citada funcionaria.

Polo exposto, e coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do concelleiro-delegado da Área de Cultura, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal e da concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, faise a seguinte

## **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

1. Encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436 e NIF 36\*\*\*3\*0K, a asistencia á Feira Europea de Teatro para nenos e nenas Feten 2018, que terá lugar en Xixón entre os días 17 e 22 de febreiro de 2019, en comisión de servizo por tratarse dunha viaxe oficial.
2. Autorizar a saída o día 16 de febreiro e o regreso o día 23 de febreiro.
3. Autorizar a utilización de vehículo particular para realizar a viaxe e desplazamentos por Xixón.





**Concello de Vigo**

4. Autorizar os seguintes gastos: 723,59 € en concepto de 7 dietas de manutención e 7 de aloxamento, con cargo á partida 3340.230.20.00 “dietas de personal” e 450 € en concepto de transporte e locomoción, con cargo á partida 3340.231.20.00 “locomoción do persoal non directivo”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(47).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE ALZADA CONTRA A RESOLUCIÓN DO DIRECTOR DE AUGAS DE GALICIA DE DATA 8/01/19, ADOITADA NO EXPEDIENTE SANCIONADOR DH D36.62863. EXPTE. 5753/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta 16/01/19, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

**1.-** Con data 02 de outubro 2018 (DOC nº 180159055), tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, notificación da resolución de data 27.09.2018, do Director de Augas de Galicia, ditada no procedemento sancionador DH.D36.62863, na que acorda a incoación dun expediente sancionador por desatención a un requirimento da administración hidráulica. Ademais neste escrito reiterase o requirimento que motivou o inicio do expediente sancionador.

**2.-** Tras o estudo dos feitos expostos nas actas de inspección de Augas de Galicia, e coa finalidade de cumprir coa normativa vixente, con data 24 de outubro de 2018 remitiuse á Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico de Augas de Galicia resposta ao requirimento no que se poñían de manifesto as actuacións realizadas polo Concello dende que se recibiu o mesmo. En concreto, informábase que o Concello solicitou da Concesionaria a realización das actuacións necesarias para proceder a inspección dos puntos de vertido inspeccionados por Augas de Galicia con data 20 de xuño de 2018.

Ademais, neste escrito se xustificaba a inexistente desobediencia do Concello fronte a unha orde ou requirimento de Augas de Galicia no exercicio das súas competencias, xa que unicamente se produciu un atraso na resposta do Concello fronte a Augas de Galicia, derivada da necesidade de analizar a situación e dar unha resposta axeitada.

**3.-** Sen ter en conta os argumentos expostos polo Concello no seu escrito de alegacións con data 14 de decembro de 2018 recíbese Proposta de Resolución do expediente sancionador no que se propón sancionar ao Concello cunha sanción de 500 euros, pola comisión dunha infracción leve, afirmando sen proba algunha que o xustifique que demostrouse a desatención a un requirimento.

**4.-** Con data 20 de decembro de 2018 presentouse escrito de alegacións fronte á Proposta de Resolución no que se solicitaba o arquivo do expediente sancionador iniciado por acordo do Director de Augas de Galicia.

5.- Por resolución do Director de Augas de Galicia de data 8 de xaneiro de 2019, acordase sancionar ao Concello de Vigo con multa de 500 euros pola comisión dunha infracción administrativa tipificada como leve no artigo 85 k) da Lei 9/2010, de Augas de Galicia.

Que analizada a devandita Resolución e aos efectos de decidir sobre a impugnación ou non da mesma cómpre realizar as seguintes

## **CONSIDERACIÓNS**

### **1º.- Ausencia na conduta municipal da tipicidade esixida no artigo 27 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.**

O artigo 85 k) da Lei 9/2010, de Augas de Galicia establece que se considera infracción leve *“a desobediencia á ordes ou requirimentos do persoal de “Aguas de Galicia” no exercicio das funcións que ten encomendadas, así como a obstaculización de dito exercicio”*.

Segundo se expuso nas alegacións presentadas polo Concello no expediente de referencia, a concorrencia do tipo fai necesaria a existencia dunha desobediencia fronte a unha orden ou requirimento de Augas de Galicia no exercicio das súas competencias. En consecuencia, é necesario que a conduta infractora do obrigado a colaborar, neste caso o Concello de Vigo, teña a entidade suficiente para considerarse como desobediencia e debe conlevar unha obstaculización relevante na actividade do organismo.

No presente caso, quedou demostrado que unicamente se produciu un retraso na resposta, motivado na necesidade de realizar as actuacións necesarias, de conformidade co procedemento establecido ao efecto, para dar unha resposta adecuada ante ese organismo. Esta falta de resposta en prazo a un primeiro requirimento non ten a entidade suficiente para considerarse desobediencia, máxime cando, segundo quedou demostrado, como consecuencia da recepción do devandito requirimento iniciáronse dende o Concello actuacións tendentes a aclarar e solventar o problema. En efecto -segundo se constatou no expediente- a solicitude do Concello, a Concesionaria realizou unha nova inspección dos puntos de vertido referidos na acta de 20 de xuño de 2018 na que se constatou a inexistencia de vertidos da rede municipal de saneamento ao río Pugariño.

Unha vez acreditada que a actuación do Concello non podía ser asimilada á infracción administrativa imputada, procedía o arquivo do expediente, segundo se xustificou nas alegacións presentadas. Sen embargo, o Director de Augas de Galicia limitouse a impor unha sanción de 500 euros, vulnerando o disposto no artigo 27 de la Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, relativo ao principio de tipicidade, que de conformidade con unha reiterada doutrina xurisprudencial ( entre outras na Sentenza da Audiencia Nacional de 13 de novembro de 2002 ) *“debe ser obxecto dunha interpretación restritiva”*.

En consecuencia, tendo en conta que non concorren os elementos fácticos necesarios da infracción administrativa imputada, procede interpoñer fronte a mesma recurso de alzada solicitando que se deixe sen efecto a devandita Resolución do Director de Augas de Galicia e se proceda ao arquivo do expediente.



Concello de Vigo

## 2º.- Ausencia de voluntariedade na suposta comisión da infracción que determina o arquivo do expediente sancionador

Segundo se xustifica nos escritos de alegacións presentados durante a tramitación do expediente de referencia, toda resolución sancionadora, sexa penal ou administrativa, require á par certeza dos feitos imputados, obtida mediante probas de cargo, e certeza do xuízo de culpabilidade sobre eses mesmos feitos. Neste sentido, resulta ilustrativa a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Murcia de 22 de xuño de 2017, que recollendo a xurisprudencia do Tribunal Supremo expón:

“La jurisprudencia tiene reiteradamente declarado que **no existe duda de la aplicación**, con ciertos matices, **al derecho administrativo sancionador de los principios que inspiran el orden penal**, en cuanto ambos son manifestaciones del ordenamiento punitivo del Estado, y **entre ellos el de culpabilidad**, siendo así que la presunción de inocencia no sólo tiene que ver con la prueba de la autoría de los hechos, aunque sea su vertiente más usual de aplicación, sino que además se relaciona con la culpabilidad imputable al que, en su caso, los realiza, sin que pueda acantonarse, -así se expresa la sentencia de este Tribunal de 24 de enero de 1994 -, el ámbito de su funcionalidad en aquel primer plano de demostración de los hechos (STC Constitucional 76/1990, de 26 de abril (LA LEY 58461-JF/0000) y 14/1997, de 28 de enero (LA LEY 1698/1997)), ya que toda resolución sancionadora, sea penal o administrativa requiere a la par certeza de los hechos imputados, obtenida mediante pruebas de cargo, y certeza del juicio de culpabilidad sobre esos mismos hechos.

Así la Sala viene señalando que este principio **requiere que el actor sea consciente a título de dolo o culpa que estaba realizando unos hechos constitutivos de infracción** (en este caso explotando un sondeo sin la correspondiente autorización del Organismo de cuenca)”.

Neste mesmo sentido debemos recordar que a entrada en vigor da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime Xurídico do Sector Público determinou a desaparición da responsabilidade “a título de simple inobservancia”, que se recollía na normativa anterior, de modo que, segundo se establece no artigo 28 desta Lei, rexe o principio de culpabilidade e non cabe a responsabilidade sen culpa.

No presente caso, os feitos expostos acreditan de modo fehaciente que non existiu vontade deste Concello de non atender os requirimentos desa entidade. Proba diso é que, cando se recibe o requirimento, dende o Concello se realizan as actuacións necesarias para dar unha resposta axeitada. En definitiva, o Concello cumpriu coas súas obrigas o que determina a inexistencia dos elementos fácticos e subxectivos para imputar ao Concello a infracción leve que se tipifica no artigo 85 K) da Lei 9/2010, de Augas.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

1.- Interpoñer recurso de alzada contra a Resolución do Director de Augas de Galicia de 8 de xaneiro de 2019 que impón ao Concello de Vigo unha multa de 500 euros pola comisión dunha infracción leve tipificada no artigo 85 k) da Lei 9/2010, de Augas e se adopte resolución pola que se acorde deixar sen efecto a mesma e proceder ó arquivo do

expediente sancionador de referencia, en base as consideracións de feito e dereito que se recollen na parte expositiva do presente informe-proposta.

2.- Delegar no Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza a sinatura do recurso de alzada.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(48).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E CUSTES ASOCIADOS PARA A MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VENEZUELA (TRAMO TABOADA LEAL- MARQUÉS DE ALCEDO). EXPTE. 5323/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 22/01/19, dáse conta do informe-proposta do 16/01/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, xefe do Servizo Xurídico da área de Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

#### **Antecedentes**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican na parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo seguinte a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.



## Concello de Vigo

**III.-** Con data 5 de febreiro de 2018 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación de renovación da rede de abastecemento e saneamento na Rúa Venezuela; informe á vista do cal o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 5 de febreiro de 2018, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 08 de febreiro de 2018, na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “MELLORA DA REDE DE ABASTECEMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VENEZUELA.”.

**IV.-** Segundo consta no informe subscrito polos enxeñeiros municipais de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños con data 22 de febreiro de 2018, analizada a configuración da rede de saneamento e abastecemento da rúa Venezuela, e analizadas as afeccións que dita actuación supón sobre o tráfico, así como as molestias sobre os veciños e dotacións colindantes, por operatividade considerouse necesario abordar a actuación nos seguintes catro treitos, que determináronse a partir da configuración da rede actual e os seus elementos de manobra:

- Rúa Venezuela, entre Taboada e Leal e Joaquín Loriga.
- Rúa Venezuela, entre Joaquín Loriga e Gran Vía.
- Rúa Venezuela, entre Gran Vía e Vázquez Varela.
- Rúa Venezuela, entre Marqués de Alcedo e Taboada e Leal.

**V.-** Con data 2 de xaneiro de 2019, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o proxecto, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canais e Portos D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, para a execución dos traballos de obra civil necesarios para a realización Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Taboada Leal – Marqués de Alcedo), cun presuposto de 512.924,81 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de CATRO (4) MESES. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

**VI.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos D. Aurelio Adán Fernández, con data de 10 de xaneiro de 2019, emite informe favorable sobre o proxecto presentado., indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

### **Consideracións Técnicas e Xurídicas**

**Primeira.-** O procedemento para a aprobación dos proxectos de obras a que se refire o presente expediente, observou os trámites fixados pola Xunta de Goberno Local, no acordo arriba referido de 8 de marzo de 2013, adoitado para a contratación das obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE.

**Segunda.-** Habida conta do orzamento da obra relativa á Mellora da rede de abastecemento e saneamento na rúa Venezuela entre as Rúas Taboada Leal e Marqués de Alcedo conta con informe preceptivo e favorable da Oficina de Supervisión de proxectos de data 10 de xaneiro de 2019.

**Terceira.-** O proxecto de obra para a Mellora da rede de abastecemento e saneamento na rúa Venezuela entre as Rúas Taboada Leal e Marqués de Alcedo, tal e como resulta do informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 10 de xaneiro de 2019, responde aos obxectivos propostos e respecta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación.

**Cuarta.-** A aprobación dos proxectos, de conformidade co repetido acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre “Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE”, corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado III.b).

Polo anteriormente exposto, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto técnico redactado pola Enxeñeira de Camiños Canais e Portos D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, para a execución dos traballos de obra civil necesarios para a realización Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Taboada Leal – Marqués de Alcedo), cun presuposto de 512.924,81 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de CATRO (4) MESES con data e sinatura dixital 27 de decembro de 2018.

**Segundo.-** Notifíquese o presente acordo a “Aqualia FCC-Vigo UTE”, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(49).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DE VILAVERDE – ZAMÁNS”. EXPTE. 4062/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 22/01/19, dáse conta do informe-proposta do 21/01/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:



#### ANTECEDENTES DE FEITO

I- Preséntase o proxecto de **“CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DE VILAVERDE - ZAMÁNS”**, para a fase de supervisión, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CIENTO QUINCE MIL CINCOCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (115.522,29 €) e data xullo de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.

II.- A actuación desenvólvese na estrada de Vilaverde - Zamáns, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir;

- Construción dunha beirarrúa para o tránsito peonil na marxe dereita.
- As obras, consistirán na execución dunha beirarrúa de formigón dun ancho medio de 1,50 metros, nunha lonxitude aproximada de 400 metros.
V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

Aprobar o proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA BECERREIRA”, para a fase de supervisión, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS UN MIL TRESCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (201.358,05 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **32(57).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA JOSÉ RIVAS”. EXPTE. 4029/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 22/01/19, dáse conta do informe-proposta do 20/12/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES DE FEITO

I- Preséntase o proxecto de proxecto de “**CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA JOSÉ RIVAS**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D.

Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA E SETE MIL NOVECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (187.943,64 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.

II.- A actuación desenvólvese na estrada de José Rivas, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir;

- Construción dunha beirarrúa para o tránsito peonil na Estrada de José Rivas desde o Centro de Saúde de Coruxo ata o nº 21 pola marxe esquerda continuando desde este punto pola marxe dereita hasta Estrada Camposancos.
- As obras, consistirán na execución dunha beirarrúa de formigón dun ancho medio de 1,50 metros, nunha lonxitude aproximada de 500 metros.
- Dispoñeráse canalización de pluviais baixo a beirarrúa, formada por un colector de diámetro 315 mm, sumidoiros e pozos de rexistro, separados estes elementos unha distancia máxima de 30 m. A instalación de iluminación exterior, dispoñeráse unha canalización de 0,40 m de ancho por 0,50 m de profundidade, coas correspondentes cimentacións para báculos e arquetas. Ademais realizaranse dous pasos de peóns elevados.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES MESES) 3 meses.

III.- En relación a supervisión do proxecto "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA JOSÉ RIVAS", a Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 19 de decembro de 2018 informe sinalando o seguinte:

Xa que a contía do proxecto é inferior a 500.000 €, e non afecta á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, este informe ten carácter facultativo. Art. 235 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014".

Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

IV.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 18 de decembro de 18 en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.





**Concello de Vigo**

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria para a contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contido no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

## ACORDO

Aprobar o proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA JOSÉ RIVAS”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA E SETE MIL NOVECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (187.943,64 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **33(58).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS–MATAMÁ”. EXPTE. 4025/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 22/01/19, dáse conta do informe-proposta do 20/12/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, xefe do Servizo Xurídico da área de Servizos Xerais Vías e Obras, e polo 2º tenente de alcalde e concelleiro-delegado da Área de Fomento Contratación e Limpeza, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES DE FEITO**

I- Preséntase o proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS - MATAMÁ”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS CINCO MIL SESENTA E SETE EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (205.067,21 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.

II.- A actuación se desenvólvese na rúa Abade Juan de Bastos, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir;

– Construción dunha beirarrúa para o tránsito peonil desde o cruzamento coa rúa Manuel Cominges ata o número 19 chega a beirarrúa pola marxe dereita, correspondente aos números pares, é neste punto onde a beirarrúa continúa pola marxe esquerda ata o número 24. As obras, consistirán na execución dunha beirarrúa de formigón dun ancho medio de 1,50 metros, nunha lonxitude aproximada de 500 metros. Dispoñerase canalización de pluviais baixo a beirarrúa, formada por un colector de diámetro 315 mm, sumidoiros e pozos de rexistro, separados estes elementos unha distancia máxima de 30 m. A instalación de iluminación exterior, dispoñerase unha canalización de 0,40 m de ancho por 0,50 m de profundidade, coas correspondentes cimentacións para báculos e arquetas.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 meses.

III.- En relación a supervisión do proxecto “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS - MATAMÁ”, a Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 18 de decembro de 2018 informe sinalando o seguinte:

Xa que a contía do proxecto é inferior a 500.000 €, e non afecta á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, este informe ten carácter facultativo. Art. 235 da lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014”.

Os custos unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

IV.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 18 de decembro de 18 en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.



**Concello de Vigo**

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria para a contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contido no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

Aprobar o proxecto de **“CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS - MATAMÁ”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS CINCO MIL SESENTA E SETE EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (205.067,21 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **34(59).- PROXECTO DE OBRAS DE ENSANCHE NA RÚA REDOMEIRA 88. EXPTE. 359/403.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 15/01/19, asinado polo enxeñeiro civil, o xefe de Urbanización e Infraestruturas, e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

## I.- ANTECEDENTES E FEITOS

I.1.- Compre traer a colación como antecedente do presente o proxecto de urbanización da rúa Redomeira, tramitado nesta administración baixo o número 4336/401, proxecto que inclúe as determinacións do PXOU de 1993, e no que se incluía un capítulo adicado ás expropiación cunha relacións das parcelas expropiadas. (sen que conste na data actual, que se levará a cabo ningún tipo de actuacións incluídas no referido proxecto).

I.2.- Pola súa banda, consta a tramitación nesta administración do expediente 88694/421 de licenza para execución dunha vivenda unifamiliar na parcela identificada co número 90 no ámbito que nos ocupa, na que, e entre outros pronunciamentos, se establece como condicionamento da mesma a urbanización da zona a que da fronte.

Neste senso, e por mor de que na fronte da parcela existe unha rampa de acceso que serve para salvar o desnivel da finca co número 88, débese dismantelar esta rampa e urbanizar este fronte coa rasante de toda a rúa, estimándose polos servizos técnicos desta XMU a necesaria asunción por parte desta administración das devanditas obras co fin de deixar un tramo da rúa con un estreitamento de 2,60 metros de ancho ao longo duns 25 metros, quedando a parcela identificada co número 88 cun desnivel respecto a rúa duns 2,50 metros.

Xa que logo, a finalidade última que se pretende co presente é eliminar ese *“cuello de botella”* existente na rúa, coa construción dun muro de sostemento da parcela na alineación oficial, dismantando os terreos destinados a viario e urbanizando os mesmos; Finalidades e obxectivos que se pormenorizan polo miúdo no proxecto ao que neste intre se presta aprobación, así como no informe suscrito polo enxeñeiro civil con data do 14.01.2019.

I.3.- Así as cousas, e á vista da realidade existente, o servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU redactou o proxecto nomeado *“Proyecto/ Relación valorada de obras de ensanche de la calle Redomeira 88”*, documento datado en novembro de 2018.

I.4.- Con data do 14,01.2018 o enxeñeiro civil do servizo de urbanización e infraestruturas, emite informe favorable ás actuacións que se proxectan no presente expediente, co seguinte teor literal,

*“ (..)El camino Redomeira tiene una longitud aproximada de unos 440 m. el camino tiene una entrada y una salida en sentido único y carece de intersecciones, lo que obliga al tráfico a recorrer obligatoriamente la totalidad del camino, su estado de urbanización es muy variable, dado que existen tramos urbanizados con el ancho planeado para el camino de 12 m. otros en los que solo esta urbanizada una de las semicalles y otros en los que no está urbanizado ningún lado, asimismo el ancho disponible es muy variable, existiendo puntos que forman un “cuello de botella” en el camino.*

Los puntos mas conflictivos del recorrido son tres:

1º a los 90 m. (número 20) con un ancho de 3,64m. En una longitud de unos 20 m.



Concello de Vigo



2º a los 185 m. (número 88) con un ancho disponible de 3,09 y una longitud de 45 m.



3º a los 280 m. (número 102) con un ancho disponible de 3,42 m. y un a longitud de 10 m.



Cabe informar que existía un estrechamiento en el arranque del camino que se ha solucionado con la expropiación de una vivienda, su posterior demolición y urbanizando el terreno que ocupaba (expedientes 253/413, 10539/407 y 11012/407).

Uno de los principales objetivos a conseguir en este vial es el de eliminar estos estrechamientos pues son los tramos con mas riesgo para los peatones, eliminados estos, se podría plantear una continuidad de las aceras o incluso en la totalidad o en parte del camino establecer dos sentidos de circulación.

S. ord. 28/01/19

El ensanche del primer punto y el tercero están condicionados a la demolición de viviendas que en la actualidad se encuentran en uso, lo cual complica y encarece su ejecución.

**En el segundo punto de estrechamiento se dan una serie de circunstancias:**

1. Una parte del estrechamiento, de unos 20 m va a ser liberado y urbanizado como consecuencia de la licencia de obras de una vivienda unifamiliar (Expediente 88694/421) estas obras corren a cargo del titular de la licencia.
2. La otra parte del estrechamiento (de unos 25 m de longitud) lo componen dos parcelas, una con una vivienda con el n.º 88 y otra no edificada, ambas procedentes de la misma parcela matriz dividida en herencia.
3. Este segundo tramo se encuentra elevado sobre la rasante del camino y sostenido por un muro de contención de mampostería en muy malas condiciones.
4. La urbanización del primer tramo (afectado por la licencia de edificación) constituye la rampa de acceso a los terrenos del segundo tramo del estrechamiento.
5. Entrevistados con los propietarios del segundo tramo, ellos han manifestado que carecen de recursos para acometer la ejecución de un nuevo acceso a su finca.
6. Cualquier obra de acceso al segundo tramo de la finca debería ajustarse a las alineaciones oficiales.



**PROPUESTA DE ACTUACIÓN**

Dado que a los propietarios de la vivienda en construcción se encuentran con la imposibilidad de ejecutar unas obras de urbanización de su frente y cesión, impuestas por la licencia, por dejar sin acceso a los colindantes y la manifestación de estos colindantes (vivienda n.º 88 y otra) de ceder gratuitamente el suelo afectado por las alineaciones, este departamento ha redactado un proyecto de ensanche de este tramo consistente en un muro en alineación y rampa de acceso, con el objeto de valorar estas obras y de someter a la superioridad la propuesta de ejecución de estas obras de ensanche del vial por parte del ayuntamiento consiguiendo los siguientes objetivos:

1. Facilitar que el titular de la licencia de edificación pueda cumplir con sus obligaciones urbanísticas.
2. Ejecutar el ensanche de los 25 m restantes del estrechamiento del camino.



## Concello de Vigo

3. Obter de forma gratuita os terrenos para este ensanche, por a cesión voluntaria de los propietarios.
4. Urbanizar el margen derecho del camino en ese tramo.

El importe de las obras de ensanche y urbanización del tramo cedido gratuitamente y no sujeto a la licencia es de 39.984,67 € sin incluir el IVA.(...)”

### II.- NORMATIVA EXAMINADA

- Plan Xeral de Ordenación urbana de Vigo de Subsanción de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/1985 de adaptación do solo de Galicia, aprobado definitivamente pola COTOP o 29 de abril de 1993 DOG do 10.05.1993 e BOP núm. 133, do 14.07.1993,
- O Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana ,
- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público,
- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,
- Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,
- A Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa,
- Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

### III.- DEREITO/ FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

**III.1.-** A natureza do presente proxecto técnico de urbanización parcial é a dos denominados proxectos de obra ordinaria, os cales, consonte ao pautado no artigo 226.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en diante RLSG), se tramitarán e aprobaran segundo o procedemento establecido para os proxectos de obras suxeitos a título habilitante.

Estes proxectos de obra ordinaria, aos que tamén se refiren os artigos 30, 36, 227 e 231 do RLSG, abranguen aqueles proxectos que non prevexan desenvolver integramente o conxunto de determinacións dun plan de ordenación, tal e como acontece no presente suposto, xa que, segundo o reflectido no proxecto ao que neste intre se presta aprobación e tal e como se indica no informe emitido polo enxeñeiro civil desta XMU en data 14.01.2019, proxecta obras de ensanche consistentes nun muro en alineación e rampa de acceso, coa consecución das finalidades que no proxecto se reflecten.

Esta categoría de proxectos urbanizatorios de carácter parcial ou menor, denominados de obra ordinaria, regúlanse asemade na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, séndolle de aplicación as disposicións nel contidas.

**III.2.-** As obras que neste intre se autorizan, son as que se definen na documentación técnica, elaborada polo servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, de data novembro de 2018, emprazándose no ámbito da rúa Redomeira, ao carón dos números 88 e 90.

A zona na que se implantarán todas as actuacións do presente proxecto, de conformidade co PXOU vixente, aprobado definitivamente o 29.03.1993 (DOG 10.05.1993), se sitúan en solo público municipal, coa cualificación urbanística de solo urbano consolidado.

**III.3-** A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 c) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por proposta do Consello da Xerencia, de conformidade co disposto no artigo 10.1 dos seus Estatutos.

Xa que logo, atendendo ao informe emitido polo enxeñeiro civil da XMU en data 14.01.2019 que se incorporan ao texto do presente e lle serven de fundamento nos termos do artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

#### ACORDO

**Primeiro.-** Prestar aprobación ao Proxecto de obra ordinaria nomeado "*Proyecto/ Relación valorada de obras de ensanche de la calle Redomeira 88*", documento redactado polo servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, de data novembro de 2018, do que se xuntan unha copia en formato papel.

**Segundo.-** O presente acto administrativo queda suxeito ás seguintes condicións:

- 1.- De conformidade coas características das obras a realizar, fíxase un prazo de execución de 2 meses.
- 2.- Antes do inicio das obras, o contratista colocará un valado de protección, para o que deberá obter, no seu caso, a oportuna autorización municipal.
- 3.- O inicio das obras queda supeditado á entrega da copia do Padrón do IAE do contratista que as execute, para a súa unión ao expediente.





## Concello de Vigo

4.- Unha vez rematadas as obras terá que presentar nesta administración o certificado de remate de obra asinado polo técnico director e, no seu caso, visado polo seu colexio oficial correspondente ou debidamente supervisado, así como o xustificante de entrega de residuos de construción e demolición a empresa xestora autorizada co fin de que se proceda á oportuna comprobación polos técnicos municipais.

5.- Establécese un prazo de garantía de un ano para todas as obras, a contar dende a data de recepción pola administración, segundo o disposto nos artigos 235 e seguintes do Regulamento xeral do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

6.- Deberán cumprirse na súa realización as determinacións establecidas no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, así como as determinacións establecidas no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción xestións dos residuos de construción e demolición.

**Terceiro.-** As obras autorizadas executaranse baixo a correspondente dirección técnica e nas debidas condicións de seguridade, debendo realizar as funcións de comprobación, vixilancia e inspección continuada das referidas obras e demais obrigas que se reflicten na vixente lexislación de contratos das administracións públicas.

**Cuarto.-** Remitir copia do presente acordo ao departamento de Servizos Centrais desta XMU, aos efectos da consignación do correspondente crédito necesario e suficiente para acometer ditas actuacións.

Con data 17/01/19, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo acorda elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **35(60).- PROXECTO DE OBRAS DE CONSTRUCIÓN DUN APARCADOIRO PROVISIONAL NA PARCELA DA ANTIGA GEA. EXPTE. 360/403.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 15/01/19, asinado polo enxeñeiro civil, o xefe de Urbanización e Infraestruturas, e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

#### I.- ANTECEDENTES E FEITOS

I.1.- Compre traer a colación como antecedente do presente o expediente tramitado nesta administración baixo o número 1964/433, no que o Consello da XMU na sesión ordinaria

que tivo lugar con data do 05.12.2018 acordou, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa,

“ (...)Primeiro.- Aprobar o contrato de comodato proposto polo Xerente da XMU con data 27.11.2018 entre o Concello de Vigo e as entidades mercantís Naerama Grup SL (B07933179), Residencial El Rocío SL (B36761740) e Inversiones Subel SL (B15650120), copropietarias da parcela de 2.264,00 m2 sita no inmovible da antiga fábrica de Álvarez, lindante coas rúas Ramón Nieto e Manuel Álvarez, mediante a entrega e cesión do seu uso gratuito ao Concello de Vigo a título de comodato, co fin exclusivo de que sexa destinada o uso de aparcadoiro público para 78 prazas.

Segundo.- Aprobar o modelo de cláusulas/condicións de dito contrato establecidas no fundamento terceiro desta proposta.

Terceiro.- Notificar o presente acordo a todas as persoas interesadas, indicándolles que contra este acordo poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados en ambos casos dende o día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso que estime pertinente. Non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Indicar ás entidades mercantís contratantes que o contrato formalizárase ante fedatario público no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á presente notificación.

I.2.- En cumprimento do referido acordo, con data do 04.01.2018 asinouse nas dependencias do Concello de Vigo o referido contrato de comodato entre o Concello de Vigo e as entidades mercantís Naerama Grup SL (B07933179), Residencial El Rocío SL (B36761740) e Inversiones Subel SL (B15650120), copropietarias da parcela de 2.264,00 m2 sita no inmovible da antiga fábrica de Álvarez, documento que se incorpora e forma parte do presente expediente.

I.3.- En cumprimento do conveniado e co obxectivo de facer efectivo o uso de aparcadoiro público para 78 prazos, dende esta XMU procedeuse a incoación do expediente tramitado baixo o número 360/403 co obxecto da redacción do correspondente proxecto/ memoria valorada de construción dun aparcadoiro provisional nunha parcela da antiga Gea, proxecto redactado polo servizo de urbanización e infraestruturas, datado en novembro de 2018.

Na memoria descritiva do proxecto que nos ocupa, a cuxo íntegro contido nos remitimos, se reflicten polo míudo as características da obra a levar a cabo, cun orzamento de execución material de 48.290,83 €.

Xa que logo, a finalidade última que se pretende co presente e o peche dunha superficie de 2264m2, desligándoos do resto da parcela e proceder á construción dun aparcadoiro para vehículos lixeiros.

## II.- NORMATIVA EXAMINADA

- Plan Xeral de Ordenación urbana de Vigo de Subsanción de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/1985 de adaptación do solo de Galicia, aprobado definitivamente pola COTOP o 29 de abril de 1993 DOG do 10.05.1993 e BOP núm. 133, do 14.07.1993,



## Concello de Vigo

- O Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana ,
- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público,
- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,
- Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,
- A Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa,
- Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (*BOP* núm. 193 de 6 de outubro de 2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

### III.- DEREITO/ FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

**III.1.-** A natureza do presente proxecto técnico de urbanización parcial é a dos denominados proxectos de obra ordinaria, os cales, consonte ao pautado no artigo 226.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en diante RLSG), se tramitarán e aprobarán segundo o procedemento establecido para os proxectos de obras suxeitos a título habilitante.

Estes proxectos de obra ordinaria, aos que tamén se refiren os artigos 30, 36, 227 e 231 do RLSG, abranguen aqueles proxectos que non prevexan desenvolver integramente o conxunto de determinacións dun plan de ordenación, tal e como acontece no presente suposto, xa que, segundo o reflectido no proxecto ao que neste intre se presta aprobación, proxecta obras de construción consistentes nun aparcadoiro para vehículos lixeiros, coa consecución das finalidades que no proxecto se reflecten.

Esta categoría de proxectos urbanizatorios de carácter parcial ou menor, denominados de obra ordinaria, regúlanse asemade na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, séndolle de aplicación as disposicións nel contidas.

**III.2.-** As obras que neste intre se autorizan, son as que se definen na documentación técnica, elaborada polo servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, de data

novembro de 2018, emprazándose no entorno da confluencia das rúas Ramón Nieto e Manuel Álvarez.

**III.3-** A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 c) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por proposta do Consello da Xerencia, de conformidade co disposto no artigo 10.1 dos seus Estatutos.

Xa que logo, atendendo ao proxecto subscrito polo servizo de urbanización e infraestruturas con data novembro de 2018 que se incorporan ao texto do presente e lle serven de fundamento nos termos do artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

#### ACORDO

**Primeiro.-** Prestar aprobación ao Proxecto de obra ordinaria nomeado “*Proyecto/ Relación valorada de un aparcamiento provisional en una parcela de la antigua Gea*”, documento redactado polo servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, de data novembro de 2018, do que se xuntan unha copia en formato papel.

**Segundo.-** O presente acto administrativo queda suxeito ás seguintes condicións:

- 1.- De conformidade coas características das obras a realizar, fíxase un prazo de execución de un (1) meses.
- 2.- Antes do inicio das obras, o contratista colocará un valado de protección, para o que deberá obter, no seu caso, a oportuna autorización municipal
- 3.- O inicio das obras queda supeditado á entrega da copia do Padrón do IAE do contratista que as execute, para a súa unión ao expediente.
- 4.- Unha vez rematadas as obras terá que presentar nesta administración o certificado de remate de obra asinado polo técnico director e, no seu caso, visado polo seu colexio oficial correspondente ou debidamente supervisado, así como o xustificante de entrega de residuos de construción e demolición a empresa xestora autorizada co fin de que se proceda á oportuna comprobación polos técnicos municipais.
- 5.- Establécese un prazo de garantía de un ano para todas as obras, a contar dende a data de recepción pola administración, segundo o disposto nos artigos 235 e seguintes do Regulamento xeral do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- 6.- Deberán cumprirse na súa realización as determinacións establecidas no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, así como as determinacións establecidas no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción xestións dos residuos de construción e demolición.

**Terceiro.-** As obras autorizadas executaranse baixo a correspondente dirección técnica e nas debidas condicións de seguridade, debendo realizar as funcións de comprobación,



**Concello de Vigo**

vixilancia e inspección continuada das referidas obras e demais obrigas que se reflicten na vixente lexislación de contratos das administracións públicas.

**Cuarto.-** Remitir copia do presente acordo ao departamento de Servizos Centrais desta XMU, aos efectos da consignación do correspondente crédito necesario e suficiente para acometer ditas actuacións.

Con data 17/01/19, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo acorda elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**36(61). CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZAIZ" E O MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES, DO MOBILIARIO URBANO E DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS. EXPTE. 117/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 25/01/19, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

#### **8.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de “Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz” e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno

local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 23 de xaneiro de 2019:

1. AUDECA, S.L.U.
2. NAROM, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación das obras de “Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz” e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRIGUEZ, S.L.	95,92
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,66
3	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	90,60
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	90,40
5	ORECO, S.A.	90,11
6	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A. - EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L.	76,14
7	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA	47,89

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do PCAP”.



**Concello de Vigo**

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**37(62).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ninunga intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez